

MINISTERIO DE XUSTIZA

CONVOCATORIA: Orde PCI/1424/2018, do 28 de decembro

CONVOCATORIA DA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO PARA O ANO 2019

DÍA 6 DE ABRIL DE 2019

Advertencias:

- Utilice exclusivamente bolígrafo negro ou azul. **Lea detidamente, antes de comezar, as instrucións que figuran no dorso da folla de respostas.**
- Non abra este cuestionario ata que se lle indique.
- Todas as preguntas do cuestionario teñen o mesmo valor.
- O cuestionario valorarase sobre unha escala de 0 a 75 puntos, obterase 1 punto por cada resposta correcta, descontaranse 0,33 puntos por cada resposta incorrecta e as preguntas non contestadas non obterán ningunha puntuación. A cualificación total obterase mediante a suma das puntuacións obtidas polas respostas correctas deducíndose as incorrectas.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “folla de respostas” corresponde sempre co número de pregunta deste cuestionario.
- Lembre que o tempo de realización desta proba é de 4 horas.
- Lembre sinalar a especialidade xurídica escollida na folla de respostas.
- Este cuestionario é propiedade do Ministerio de Xustiza .
- Queda prohibida a reprodución total ou parcial deste cuestionario incluso citando a procedencia.

LEVANTAR POLA ESQUINA E TIRAR

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE AVOGADO/A

1.- A empresa Playmusic, SL, contrata o avogado Jaime para que se querele contra un antigo empregado, Manuel, quen levou documentos internos da empresa e os entregou a outro empresario. Antes de formular a querela, Jaime negocia un acordo con Emelina, a avogada de Manuel, a fin de que este recoñeza os feitos, devolva a documentación e indemnice a Playmusic. O acordo redáctao Isabel, empregada de Emelina, pero o día da sinatura Manuel non o acepta, polo que Emelina renuncia a representalo. Pola súa banda, Jaime apártase do caso e cédello a unha compañeira de despacho, Helena, quen presenta unha querela contra Manuel e pide como dilixencias de investigación a declaración testemuñal de Emelina e Isabel e o documento que ía asinar Manuel. Pode Helena propoñer esas probas de acordo cos criterios deontolóxicos profesionais?

- a) Si, porque se trata da investigación dun feito delituoso e Manuel non é nin foi nunca o seu cliente nin tivo relación con el.
- b) Si a proba documental e a declaración testemuñal de Isabel, pero non a declaración de Emelina, porque foi a letrada de Manuel.
- c) Non, porque esa acción vulnera o deber de gardar segredo profesional.
- d) Si, porque non é a letrada que mantivo as conversas coa parte contraria, xa que Jaime se apartou do litixio.

2.- Estrella defende a Miguel nun procedemento penal seguido por malos tratos en violencia de xénero. Estrella sabe que o xuíz instructor, Francisco Manuel, é un ardente defensor dos dereitos das mulleres e sospeita que non vai ser sensible aos argumentos do seu cliente, pero sabe que a xuíza de violencia que o substitúe, Candela, ten opinións escépticas sobre a violencia de xénero. Coa finalidade de que o seu cliente teña un trato máis equitativo, interpón un recurso de reforma contra o auto de incoación das dilixencias previas no cal tacha de "ignorante", "leigo en dereito" e "parcial" ao xuíz instructor. A consecuencia destes reproches, Francisco Manuel incoa un expediente separado para unha posible sanción a Estrella, quen de forma inmediata presenta unha recusación contra o xuíz instructor. É deontoloxicamente correcta esta actuación?

- a) Non, porque vulnera a obriga de relacionarse cos órganos xudiciais baixo os principios de respecto nas formas e boa fe procesual.
- b) Si, porque o primeiro deber do avogado é o de lealdade co seu cliente, cumprindo a súa función de defensa con celo e dilixencia.
- c) Si, porque as expresións vertidas polo letrado forman parte da súa liberdade de expresión e a actuación do instructor non está xustificada.
- d) Non, porque ao recusar ao xuíz o predispón contra o seu cliente.

3.- Carmen intervén de avogada única nun xuízo de divorcio tramitado de mutuo acordo. Posteriormente dirixe a demanda de execución do decreto contra o incumplidor. É correcta a intervención de Carmen contra o que foi inicialmente o seu cliente? Indique a resposta correcta.

- a) Non, Carmen non pode defender un dos excónxuxes en prexuízo do outro.
- b) Si, pero a letrada da Administración de xustiza terá que solicitar do executado que designe novo avogado.
- c) Si, poderá defender a calquera dos dous porque actuou en nome de ambos no xuízo principal.
- d) Non, Carmen debe pedir autorización ao que tamén foi o seu cliente para dirixir a demanda executiva contra el.

4.- Imanol recibe o encargo de defender a Carmentxu, quen é acusada nun procedemento abreviado por causarlle lesións á súa veciña Iratxe, nunha discusión no vestíbulo do inmovible onde residen. Carmentxu proponlle a Imanol que declare como testemuña a súa amiga Conrada, quen está disposta a asegurar que Carmentxu non tocou a Iratxe, pero admite ante Imanol que Conrada non estaba presente no incidente e que o fai para favorecerla. Pode incorrer en responsabilidade penal Imanol se propón no seu escrito de defensa como testemuña a Conrada e esta declara no sentido que lle comentou Carmentxu?

- a) Si, pode cometer un delito e incorrer nas penas sinaladas na lei para os autores de falso testemuño, agravadas pola súa condición de letrado.
- b) Non, porque o delito o comete unicamente a testemuña, ao se tratar dunha acción persoal de quen declara.
- c) Si, pero só se finalmente o xuíz ten en conta o testemuño de Conrada ao ditar sentenza.
- d) Non, dado que se trata dunha iniciativa de Carmentxu, aínda que Imanol podería incorrer en responsabilidade disciplinaria ante o colexio de avogados.

5.- Andrea superou o máster de acceso á profesión de avogado e mais a proba de aptitude profesional da avogacía, ten intención de exercer como avogada nun despacho pero sen acudir a tribunais, polo que decidiu non colexiarse nun colexio de avogados. É iso posible?

- a) Non, porque para o exercicio da avogacía é obrigatorio colexiarse nun colexio de avogados, agás nos casos determinados expresamente pola lei ou polo Estatuto xeral da avogacía española.
- b) Non, aínda que poderá colexiarse como non exercente.
- c) Si, porque colexiarse é obrigatorio unicamente se se quere exercer ante calquera clase de tribunais.
- d) Si, porque colexiarse é voluntario.

6.- Carmelo recibe no seu despacho a Juan Fernández Galindo, quen lle explica que quere adquirir un inmoble na Costa do Sol. Nun momento dado, ante as imprecisións en que incorre ás preguntas de Carmelo, recoñécelle que en realidade o comprador é un cidadán ruso do que só sabe que se chama Anatoly, pero que el se compromete a asinar os contratos de compravenda e facer os pagos pola compra do inmoble, coa condición de que Anatoly non figure en ningún documento. Carmelo pregúntase se nestas condicións pode seguir asesorando a Juan:

- a) Non, xa que a lexislación de branqueo de capitais obríga a solicitar a información precisa a fin de determinar a exacta identidade da persoa por conta da cal actúa Juan.
- b) Si, xa que Juan está disposto a figurar como parte contratante, sendo Carmelo alleo ás obrigacións que teña subscritas co tal Anatoly.
- c) Non, xa que a lexislación de branqueo de capitais lles prohibe aos avogados participaren no asesoramento de operacións por conta de clientes relativas á compravenda de bens inmobles.
- d) Si, porque os avogados non son suxeitos obrigados pola lexislación de branqueo, ao estaren amparados polo dereito ao segredo profesional.

7.- Antonio, avogado, está a intermediar na compravenda dun inmoble. Co fin de que compareza no seu nome un día concreto para facer efectivos 5000 euros en concepto de arras, a súa cliente María Fernanda entrégalle un cheque ao portador por ese importe. Como quedan varios días para asinar as arras, Antonio ingresa o cheque na conta de facturación xeral do bufete e anota o concepto nun caderno que leva para depósitos dos clientes. É correcta a actuación de Antonio?:

- a) Si, sempre que o día da sinatura faga efectivo o pago das arras.
- b) Si, porque leva unha contabilidade separada da suma ingresada.
- c) Non, porque debería depositar o diñeiro nunha conta específica.
- d) Non, porque o avogado non pode facerse cargo de fondos propiedade dun cliente.

8.- Martín acaba de colexiarse como avogado e pídlle axuda a Blanca, avogada exercente desde hai moitos anos, para que o aconselle e o guíe nunhas dúbidas que ten en relación cun procedemento civil de reclamación de cantidade. Blanca dille que o sente, pero que ela non está para ensinar a outros avogados que lle fan competencia. É correcta a actuación de Blanca?

- a) Si, porque o avogado que acepta un asunto debe saber defendelo.
- b) Si, porque se os avogados experimentados axudan os noveis créase un conflito de intereses.
- c) Non, porque o avogado de maior antigüidade debe prestar desinteresadamente orientación, guía e consello de modo amplo e eficaz aos de recente colexiación que o soliciten.
- d) Non, porque calquera avogado debe axudar a un compañeiro que lle pida axuda.

9.- O avogado Patricio envía ao seu cliente o correo electrónico recibido da avogada Margaret, con quen está negociando un asunto. É correcta a actuación de Patricio?

- a) Si, sempre e cando a dita comunicación non se achegue a un procedemento xudicial.
- b) Non, xa que o avogado non pode nunca facilitarlle ao seu cliente as cartas, comunicacións ou notas que reciba do avogado da outra parte.
- c) Non, xa que o avogado non pode facilitarlle ao seu cliente as cartas, comunicacións ou notas que reciba do avogado da outra parte, salvo expresa autorización deste.
- d) Si, xa que o avogado pode facilitarlle ao seu cliente as cartas, comunicacións ou notas que reciba do avogado da outra parte, salvo expresa prohibición deste.

10.- A avogada Elvira recibe o encargo, en nome da súa cliente Clara, de presentar unha demanda de divorcio contra o seu esposo Eduardo, avogado de profesión. Que debe facer Elvira antes de presentar a demanda?

- a) Debe comunicarllo a Eduardo, por se entende oportuno establecer unha negociación previa.
- b) Debe comunicarllo ao decano do colexio de avogados ao que pertenza Eduardo, por se este entende necesario realizar unha mediación previa.
- c) Debe realizar unha comunicación previa á xunta de goberno do colexio de avogados ao que pertenza Eduardo.
- d) Pode presentar directamente a demanda.

11.- Izaskun, avogada, chega a un acordo con Francisco para presentar unha demanda de reclamación de danos e perdas sufridos como consecuencia dun accidente laboral. Izaskun elabora unha folla de encargo na cal se pactan os seguintes honorarios: unha cantidade inicial de 3000 euros en concepto de gastos fixos por estudo do asunto e preparación da demanda, que non se devolverán, e unha porcentaxe do 15 % da cantidade que resulte en caso de sentenza favorable, incluíndo os 3000 euros iniciais. Así mesmo, pactan que Izaskun queda autorizada non só para recibir pagos que se deriven da reclamación, senón tamén para aplicar os devanditos fondos ao pagamento da parte proporcional pactada como honorarios. É correcto este pacto de honorarios?

- a) Non, porque o pacto de cota lite está estritamente prohibido.
- b) Si, pero o cliente pode impugnar os honorarios por excesivos se a contía final supera os baremos do colexio de avogados.
- c) Si, porque existe liberdade de pactos e non hai ningún que contraveña normas imperativas.
- d) Non, xa que o pacto é abusivo ao establecer unha cantidade fixa e unha porcentaxe e por autorizar a Izaskun a detraer os seus honorarios das cantidades percibidas en interese do cliente.

12.- Justino faise cargo da defensa de Mariano nun procedemento civil de reclamación de cantidade no que este é demandado. Finalmente, Mariano perde o preito e ademais é condenado ao pagamento das custas da parte contraria. Justino, que non lle dixera a Mariano a canto ascenderían os seus honorarios, preséntalle unha minuta detallada que, con todo, Mariano rexeita. Pode Justino reclamar xudicialmente o pagamento dos seus honorarios profesionais?

- a) Si, porque ten dereito a percibir honorarios pola súa actuación.
- b) Non, porque ao non concretar o importe dos seus honorarios e perder o preito non ten dereito a reclamar a minuta.
- c) Si, pero previamente ten que lle solicitar ao colexio de avogados que fixe a contía da minuta.
- d) Non, dado que ao ser Mariano condenado a pagar as custas da parte contraria, Justino non pode minutarlle ao seu cliente.

13.- Francesca defende a Evaristo nun proceso penal que se segue por delito de estafa agravada e que está pendente de xuízo na Audiencia Provincial. O procurador remítelle un auto citando as partes a xuízo, asinado polo presidente da sección, don Manuel. Ao chegar á sala, o día do xuízo, don Manuel non está presente, debido a que se atopa enfermo e así llo comunican verbalmente a Francesca. Preside a vista dona Rosa, é relator don José e a terceira maxistrada é dona María Fernanda, todos eles integrantes da sección. Tras a vista oral, descontenta polo descoñecemento da composición do tribunal antes do xuízo, Francesca considera por ese motivo pedir a nulidade do xuízo por vulneración do dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei. Pode prosperar a súa petición?:

- a) Si, pois en ningún momento se lle comunicou con antelación a composición do tribunal antes da vista nin os motivos polos que interveñen uns maxistrados e non outros.
- b) Non porque, aínda que se incumpriu a lei, Francesca non ten motivos para recusar ningún dos integrantes do tribunal.
- c) Si, no relativo ao cambio na presidencia, pois non se lle acredita documentalmente no acto a enfermidade do presidente da sección.
- d) Non, porque a lesión do dereito ao xuíz ordinario predeterminado pola lei non comporta a nulidade do xuízo, senón da sentenza.

14.- María, avogada de oficio de Juan nun proceso matrimonial terminado por sentenza do xulgado de familia do 26 de xaneiro de 2018, recibe, en febreiro de 2019, a chamada de Juan para que o asista, ao recibir unha demanda de execución da sentenza no relativo á garda e custodia dos fillos menores. Pode María asistir a Juan co nomeamento de letrada de oficio orixinal?:

- a) Non, Juan debe solicitar unha nova designación de avogado de oficio para a execución, xa que a primeira designación era só para a fase declarativa.
- b) Si, xa que a designación da quenda de oficio comporta que o letrado deberá de levar o asunto cada vez que se presente algún incidente de execución.
- c) Non, xa que transcorrido un ano desde a sentenza se extingue a designación e ha de solicitarse unha nova.
- d) Si, xa que a asistencia xurídica gratuíta comprende o trámite de execución, se se produce dentro dos dous anos da sentenza da instancia.

15. Federico é designado avogado de Juana, quen quere presentar unha demanda de responsabilidade patrimonial contra o Concello de Mataró por sufrir lesións ao esvarar na praza do mercado. Federico analiza a documentación e alegacións de Juana e chega á conclusión de que a pretensión é insostible e exponllo á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, que pide informe ao colexio de avogados, o cal, pola contra, informa que a pretensión é sostible. En consecuencia,

- a) Federico terá que asumir a asistencia xurídica que reclama Juana.
- b) A Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta designará un novo avogado, que non poderá alegar a insostibilidade da pretensión.
- c) Solicitarase un informe adicional ao Ministerio Fiscal, e só se coincide co do colexio, Federico terá que continuar coa defensa de Juana.
- d) Federico ten que asumir a defensa de Juana, pero pode renunciar á designación expoñendo motivadamente a inconveniencia de que continúe coa defensa.

16.- Joana, Pere e Joan Francesc queren exercer colectivamente a avogacía, constituíndo unha sociedade mercantil. Deben constituírse como sociedade profesional?:

- a) Si, independentemente da forma social que adopten.
- b) Non, xa que poden acollerse a calquera das formas mercantís existentes.
- c) Si, sempre que vaian ter colaboradores ou pasantes en réxime de dereito laboral.
- d) Non, xa que os avogados están exentos da obrigación de se constituíren como sociedade profesional.

17. Joan, Pere e Joan Francesc deciden finalmente constituír unha sociedade profesional e integrar nela un procurador para ofertar e prestarlles aos clientes un servizo integral de defensa e representación. É isto posible?

- a) Non, porque as sociedades formadas para realizar actividades profesionais nunca poden integrar a socios que se dediquen a outra actividade.
- b) Si, xa que é posible que a actividade da sociedade sexa multidisciplinar.
- c) Non, xa que o desempeño da actividade de avogado e procurador é incompatible segundo a lei.
- d) Si, xa que a lexislación mercantil non establece ningunha limitación en función da actividade á que se dediquen os socios.

18.- Perfecto recibe o encargo dun cliente, Marcelo, de iniciar unha reclamación por responsabilidade extracontractual contra unha entidade mercantil. Tras contactar coa parte contraria, chegan ao pacto de someter a cuestión a mediación co fin de evitar o litixio, polo que asinan un documento e Perfecto queda encargado materialmente de presentar a solicitude de mediación. Con todo, Perfecto decátase de que o prazo de prescrición (1 ano) podería transcorrer sen que se resolvase a mediación, polo que se pregunta que debe facer coa mediación, sendo o correcto:

- a) Interpoñer demanda xudicial para que se interrompa o prazo de prescrición, sen prexuízo de instar a mediación ao mesmo tempo e pedir a suspensión do proceso.
- b) Desistir de levar a cabo a mediación, pois dada a natureza do asunto nunca se resolverá antes de que transcorra o prazo de prescrición.
- c) Acudir á mediación antes de que se cumpra o prazo de prescrición, pois a presentación da solicitude de mediación suspenderá o prazo de prescrición desde a súa recepción polo mediador ou depósito na institución de mediación.
- d) Esquecerse do tema da prescrición, pois ao se someter o asunto a mediación vaise chegar a un acordo vinculante para as partes.

19.- Juan Manuel acode a pedir asistencia letrada a Marta porque recibiu a notificación dun laudo arbitral e non está conforme coa decisión dos árbitros, e quere información sobre que tipo de recursos poderían exercitarse. Marta infórmao de que:

- a) Mentres non sexa homologado o laudo arbitral por un xuíz de primeira instancia, non ten que preocuparse do contido do laudo, xa que o que se recorrería é o auto de homologación.
- b) Pode interpoñer recurso de apelación contra o laudo no prazo establecido pola lei para recorrer contra unha sentenza de primeira instancia.
- c) Pode exercitar a acción de anulación por calquera dos motivos sinalados na Lei de axuizamento civil para a revisión das sentenzas de primeira instancia.
- d) Pode exercitar a acción de anulación por motivos taxados e, ademais, pedir a revisión do laudo nos mesmos termos previstos na lei para as sentenzas firmes.

20.- Nunha sentenza penal firme, Juan é absolto dun delito de estafa polo que viña sendo acusado exclusivamente pola acusación particular, sen que a sentenza conteña un pronunciamento expreso sobre as custas e logo de transcorrido xa o prazo para solicitar aclaración ou ampliación da sentenza. Fernando, avogado de Juan, considera solicitar a imposición das custas da acusación particular. É posible?:

- a) Si, xa que debe aplicarse o criterio do vencemento obxectivo da xurisdición civil e impoñérselle as custas á única acusación formulada, pois se desestimaron integramente as súas pretensións.
- b) Non, porque a sentenza non ten un pronunciamento expreso sobre imposición das custas á acusación.
- c) Si, pero terá que ser a través dun incidente de execución de sentenza, presentando a minuta e someténdoa á impugnación desta por custas indebidas ou excesivas.
- d) Non, porque no proceso penal as custas unicamente se lle impoñen ao acusado en caso de condena ou se declaran de oficio en caso de absolución, non podendo impoñérselle a ningunha das acusacións.

21.- Ernesto é designado como letrado da quenda de oficio para defender a Marcelo, quen se atopa detido en dependencias policiais por un suposto delito de agresión sexual. Ernesto asiste á súa declaración e demais dilixencias de garda e ademais tramítalle a asistencia xurídica gratuíta. Con todo, a Marcelo denégaselle tal dereito por non cumprir os requisitos legais. Pode Ernesto cobrar algunha retribución da quenda de oficio polo seu traballo conforme a Lei de asistencia xurídica gratuíta?:

- a) Si, pode cobrar da quenda de oficio ata que se lle denegou a asistencia xurídica gratuíta, xa que o fixo por designación colexial para unhas dilixencias inaprazables, pero a partir de entón debe minutarlle ao cliente ou renunciar á defensa.
- b) Si, mentres non se revogue a designación Ernesto ten dereito a cobrar os seus honorarios como letrado de oficio, sen prexuízo de que a Administración reclame a Marcelo o reintegro do aboado.
- c) Non, non pode cobrar pola quenda de oficio, pero Marcelo terá que aboarlle os honorarios devindicados pola súa actuación profesional.
- d) Non, non pode cobrar en ningún caso, porque non foi contratado por Marcelo xa que a súa intervención foi por obriga legal e a Administración só pagará se se ten dereito á asistencia xurídica gratuíta.

22.- Clara solicita o recoñecemento á asistencia xurídica gratuíta e obtén unha resolución favorable da Comisión de Asistencia Xurídica competente. Non obstante, Clara quere facerlle un favor ao seu sobriño Antonio, que acaba de colexiarse como procurador, e quere que a represente, polo que llo comunica á comisión para que soamente a asista un avogado da quenda de oficio. É iso posible?:

- a) Non, xa que o recoñecemento do dereito implica aceptar que todos os profesionais pertencerán á quenda de oficio.
- b) Si, xa que o interesado con dereito á asistencia xurídica gratuíta ten liberdade para decidir se quere un profesional privado e se lle vai pagar ou non os seus honorarios, en función do pacto que alcance con el.
- c) Si, pero Antonio non poderá facturarlle ningunha cantidade a Clara sen incorrer nunha infracción disciplinaria.
- d) Non, salvo que Antonio renuncie por escrito a percibir os seus dereitos ante Clara e ante o colexio no que estea inscrito.

23.- No Xulgado de Primeira Instancia núm. 1 de Majadahonda séguese un preito por demanda interposta por Francisco, dono dun chalé, contra a construtora Edificaciones Fernando SLU, por defectos de construción. Durante o proceso, a representación de Edificaciones Fernando SLU decátase de que no Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Majadahonda se segue un preito no que Francisco é demandado pola promotora Promociones Majariegas, SA, que solicita a resolución do contrato de compravenda do chalé por impago de prezo aprazado. Edificaci3ns Fernando SLU pon en coñecemento do Xulgado núm. 1 esta circunstancia para que se suspenda o curso do proceso. Que decisi3n debe tomar o Xulgado núm. 1?:

- a) Debe acordar a acumulaci3n de autos, xa que o que se decida no Xulgado núm. 2 afecta á lexitimaci3n do actor no preito seguido no núm. 1.
- b) Debe acordar a suspensi3n inmediata do procedemento ata que se resolva por sentenxa firme o preito seguido no Xulgado núm. 2 de Majadahonda.
- c) Non debe suspender o proceso, xa que non est3 en cuesti3n a lexitimaci3n do actor para presentar a demanda nin 3 cuesti3n que sexa necesario decidir no xuízo seguido no núm.1.
- d) Debe suspender o proceso, pero s3 cando queden as actuaci3ns vistas para ditar sentenxa.

24.- O demandado Pancracio, a quen a sociedade mercantil Pterodactilia SA reclama unha débeda de 300.000 euros contraída por unhas obras no ano 2011, presenta na contestaci3n á demanda un documento datado en 1995 subscrito por Pedro, defunto administrador de Pterodactilia, SA, no que recoñece que Pedro prestou servizos á sociedade que non se documentaron e que se valoran en 300.000 euros. Como Pterodactilia SA sospeita que o documento 3 falso, presenta de inmediato unha querela ante o xulgado de instruci3n e xustifica, ante o xuíz civil, que se admitiu a trámite a dita querela. Que decisi3n se debería adoptar na xurisdicci3n civil?

- a) Haber3 de suspenderse a causa de forma inmediata, ata que se acredite que o xuízo criminal rematou ou est3 paralizado por causa que impide a súa normal continuaci3n.
- b) Haber3n de seguirse os trámites do xuízo ata sentenxa, e se nese momento a causa criminal segue aberta suspendelo ata que se resolva.
- c) Haber3n de seguirse os trámites normais do proceso civil, xa que a decisi3n que se adopte na xurisdicci3n penal s3 se cingue á responsabilidade penal ag3s que ambas as partes, de com3n acordo, o soliciten ao tribunal, quedando ent3n o tribunal civil vinculado á decisi3n que se adopte na xurisdicci3n penal.
- d) Non 3 necesario suspender o proceso nin tomar outra medida, xa que a posible falsidade documental non 3 relevante para o obxecto deste preito.

25.- Nun procedemento civil por incumprimento de contrato en materia de edificación, a parte demandada alega, tras a práctica da proba, que a licenza de obra é ilegal e que a dita cuestión vai suscitarse ante a Administración e, se é o caso, formular unha demanda contenciosa para que se declare a nulidade, xa que afecta á decisión de fondo do preito. Tras esta alegación, ambas as partes, de común acordo, solicitan ao tribunal que suspenda o curso da causa antes de ditar sentenza mentres resolven a administración pública competente ou os órganos xurisdiccionais a cuestión da legalidade da licenza. É posible esta actuación das partes?:

- a) Si, e o tribunal quedará vinculado pola decisión que adopte, sobre o tema concreto da licenza, o órgano competente en materia administrativa.
- b) Non, xa que para os efectos prexudiciais os tribunais civís poden coñecer de asuntos que estean atribuídos aos tribunais da orde contencioso-administrativa.
- c) Si, pero o tribunal civil terá logo liberdade para aceptar o que se resolverse en vía administrativa.
- d) Non, xa que a suspensión do proceso e a posible vinculación ou non do tribunal civil ao que se resolva en vía administrativa ou contenciosa non pode depender dunha actuación das partes.

26.- A consecuencia da caída dunha árbore no terreo lindeiro do chalé de Ramón e Francisca, sito na localidade de Collado Villalba, a súa vivenda sofre danos no tellado e nunha parede, cuxa reparación ascende a 85.000 euros. Como non teñen seguro de vivenda que cubra eses danos, póñense en contacto cun avogado, Raimundo, para que demande o dono do terreo onde estaba a árbore, Jaime, cuxo domicilio está en Madrid, a fin de que repare a vivenda ou pague o importe da reparación. Dado que Raimundo non consegue que Jaime o atenda, decide formular unha dilixencia preliminar de xuízo, co obxecto de que Jaime exhiba o contrato de seguro da vivenda, se o tivese, co obxecto tamén de demandar á compañía aseguradora. Quen é competente para resolver sobre esta petición?:

- a) O xuíz decano de Collado Villalba.
- b) O xuíz decano de Madrid.
- c) O xuíz de primeira instancia de Collado Villalba.
- d) O xuíz de primeira instancia de Madrid.

27.- A Audiencia Provincial de Madrid ditou unha sentenza en primeira instancia pola que absolveu o acusado Endrino do delito de estafa, por entender que os feitos polos que era acusado constituían un mero incumprimento de obrigacións civís, sen vontade de fraude. A sentenza foi recorrida en apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza por parte do fiscal Tomás, que consegue que en segunda instancia o tribunal de apelación revise o material probatorio e conclúa que Endrino tiña a clara intención de estafar as súas vítimas. Contra a sentenza cabe recurso de casación por infracción de lei. O avogado Inocencio advirte que a revogación da resolución de instancia podería vulnerar normas procesuais e sobre todo a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Que trámites debe seguir para levar a cuestión ao devandito tribunal?:

- a) Ten que recorrer en casación e logo en amparo ante o Tribunal Constitucional antes de presentar demanda ante o Tribunal Europeo, a fin de esgotar todos os recursos internos.
- b) Ten que recorrer en casación pero non é necesario acudir ao amparo antes de acudir ao Tribunal Europeo por tratarse de xurisdición constitucional.
- c) Non ten que recorrer nin en casación nin en amparo, por se tratar de recursos extraordinarios.
- d) Non pode levar a cuestión ao Tribunal Europeo, pois só poden acudir os estados e a resolución que se dite só obriga a modificar a lexislación interna.

28.- Casimiro é detido pola suposta comisión dun delito de roubo con forza nas cousas. Como non está de acordo coa detención, Casimiro solicita un hábeas corpus xa que considera que foi detido arbitraria e ilegalmente porque non cometera ningún delito de roubo, como máximo un delito leve de furto que non xustifica a detención. O xuíz de instrución, á vista do escrito e sen tramitar o hábeas corpus, dita unha resolución inadmitíndoo por entender que a privación de liberdade foi correcta. Dous días despois, Casimiro pasa a disposición xudicial e queda en liberdade con obrigación de comparecencia *apud acta*. O avogado de Casimiro intenta que se declare a nulidade de actuacións, por non se tramitar o procedemento de hábeas corpus, pero o xuíz de instrución a rexeita. Pode interpoñer Casimiro recurso de amparo para que se revise a decisión de inadmisión de hábeas corpus?

- a) Si, por vulneración do art. 17.4 da Constitución.
- b) Non, pois ao non se admitir a trámite o hábeas corpus non cabe recurso ningún.
- c) Si, pero só despois de que se dite resolución definitiva no proceso xudicial no que se acordou a privación de liberdade.
- d) Non, xa que quedou en liberdade aos dous días e polo tanto o recurso de amparo carece de obxecto.

29. O cidadán John Smith, británico e residente nunha localidade da Costa do Sol, realiza unha viaxe a Tailandia onde mantén relacións sexuais de pago con menores de idade do país de destino. Ao chegar a España, a fiscalía, informada por un familiar de John, presenta denuncia por suposto delito contra a liberdade sexual de menores de idade. Sería competente a xurisdición española para coñecer desa investigación?:

- a) Non, xa que os feitos ocorreron no estranxeiro e nin a vítima nin o autor son españois.
- b) Si, xa que o suposto autor é residente en España e o delito é contra a liberdade sexual de menores de idade.
- c) Si, porque a xurisdición española é competente para coñecer de todos os delitos cometidos por españois ou residentes no estranxeiro.
- d) Non, xa que os feitos só poderían perseguirse no lugar da súa comisión (Tailandia) ou no país do que é nacional John (Reino Unido).

30.- Os xulgados do mercantil e salas de audiencia provincial, con sede en Alacante, especializados en marca comunitaria, en relación coa devandita materia teñen competencia:

- a) Sobre todo o territorio da Unión Europea.
- b) Sobre todo o territorio nacional.
- c) Sobre o territorio do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana.
- d) Sobre o territorio do partido xudicial de Alacante.

31.- Emiliano demandou a María Luz e Juan José, reclamando a rescisión do contrato de compravenda do piso que lle venderan, conforme co art. 1469 do Código civil, dado que o inmovible tiña menos metros cadrados que os que aparecían na escritura. Con todo, perdeu o preito porque os xuíces entenderon que a venda non se fixo en función do número de metros cadrados da vivenda, como esixiría ese artigo. Descontento co resultado, Emiliano acode a un novo avogado, que interpón unha nova demanda na que solicita a nulidade do contrato por vicio de consentimento de Emiliano, por incorrer en erro esencial sobre o número de metros cadrados do piso de acordo cos arts. 1300 e seguintes do Código civil. En ambos os casos, Emiliano segue pedindo o mesmo, é dicir, que as partes se devolvan as prestacións do contrato. Pode o tribunal examinar as alegacións de fondo desta segunda demanda?:

- a) Si, xa que o primeiro preito se fundamentaba na rescisión e agora se basea na nulidade do contrato, polo que non se trata da mesma pretensión.
- b) Non, xa que a demanda recae sobre o mesmo ben inmovible, polo que deberon exercitarse todas as accións posibles sobre este que existisen entre as partes.
- c) Si, porque nin os feitos nin os fundamentos xurídicos que se alegan no segundo preito son os mesmos que os do primeiro.
- d) Non, porque o que se pide na demanda é o mesmo, e os novos feitos e fundamentos puideron e deberon alegarse no primeiro preito.

32.- O letrado Mario presentou na taxación de custas do Xulgado de Primeira Instancia núm. 77 de Madrid unha minuta de honorarios por importe de 4500 euros. A parte vencida en custas impugnou os honorarios por excesivos, ao estimar que non debían superar a suma de 4000 euros. Ao dárselle traslado da impugnación, Mario aceptou que se reducise a minuta á suma de 4000 euros renunciando ao demais e pediu o arquivo do incidente. Non obstante, o xulgado non se deu conta dese escrito e tramitou un incidente de impugnación de custas dando traslado ao colexio de avogados, que informou que a minuta era correcta segundo os baremos colexiais, polo que ditou resolución firme ratificando a taxación de custas crendo que se mantiña a reclamación de 4500 euros. Tanto Mario como a parte obrigada ao pagamento piden a nulidade do auto por incorrer en erro sobre as pretensións das partes, pero o xulgado a rexeita afirmando que é unha decisión firme. Pode a parte prexudicada formular recurso de amparo constitucional?:

- a) Si, por vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva, xa que a resolución ditada se basea nun erro manifesto do xulgado e non cabe outro recurso contra ela.
- b) Non, porque a resolución é firme e non hai comprometido ningún dereito constitucional susceptible de recurso de amparo.
- c) Si, porque o Tribunal Constitucional é a última instancia para revisar calquera resolución xudicial firme, sexa cal for o seu contido.
- d) Non, porque en materia de taxación de custas non cabe interpoñer recurso de amparo en ningún caso.

33.- O Consello de Administración de Gentesana SA, dedicada ao seguro médico privado, acorda conceder ao seu administrador único, don Enrique, unha retribución do 2%, como comisión de carteira polo total de cotas anual dos asegurados. En realidade, don Enrique nunca foi axente de seguros e o Consello de Administración só pretendía compensalo pola súa dedicación á xestión da sociedade. Ao incorporarse, anos despois, un accionista minoritario, expón que o citado acordo vulnera os art. 24 e 218 da Lei de sociedades de capital, que esixen que a retribución do administrador se fixe nos estatutos e que, se consiste nunha participación nas ganancias, esta só poida ser detraída dos beneficios líquidos, tras se cubriren as reservas legais e estatutarias e un dividendo mínimo aos accionistas. Con todo, o Consello de Administración desestima a súa petición e négase a revisar a súa decisión aducindo que obedece a un contrato ou cuasicontrato celebrado co administrador. Pode cuestionar xudicialmente o accionista minoritario este pacto?:

- a) Non, xa que se trata dun contrato validamente celebrado entre o administrador e a sociedade, no que concorren todos os requisitos que fan que o consentimento das partes sexa válido e non recae directamente sobre as ganancias da sociedade.
- b) Si, xa que os novos socios poden impugnar os acordos sociais en calquera momento desde a súa entrada na sociedade e sen suxeición a prazo ningún.
- c) Non, xa que o acordo é meramente anulable e transcorreu o prazo de caducidade da acción dun ano.
- d) Si, xa que o acordo pode constituír unha fraude de lei para evitar as normas imperativas sobre retribución dos administradores e polo tanto pode pedirse a súa nulidade radical.

34.- No Xulgado de Primeira Instancia núm. 5 de Vilanova i la Geltrú (Barcelona) séguese un procedemento xudicial pola reclamación de Francesc contra Montserrat e a Compañía aseguradora ASEGURA, como consecuencia dun suposto accidente de tráfico no que se viron implicados Francesc e Montserrat. Paralelamente, ao chegar un parte de lesións ao Xulgado de Instrución núm. 1 de Vilanova i la Geltrú, incóanse unhas actuacións penais nas que os Mossos d'Esquadra deducen que o accidente constitúe unha simulación para defraudar a compañía aseguradora ASEGURA, e podería constituír un suposto de estafa cometido por Francesc e Montserrat, que son imputados. O avogado de Francesc, ao se decatarse do sucedido, insta o xuíz de Primeira Instancia para que formule un conflito de competencia coa orde xurisdiccional penal. Pode formularse o dito conflito e ante que órgano?:

- a) Si, pode formularse, e será resolto pola Audiencia Provincial de Barcelona, órgano superior común aos dous xulgados.
- b) Non, xa que os xuíces civís non poden formular cuestións de competencia á orde penal.
- c) Si, pode formularse, e será resolto por unha sala especial do Tribunal Supremo.
- d) Non, xa que non é posible suscitar conflitos de competencia entre órganos xudiciais de distintas ordes xurisdiccionais, senón unicamente cuestións prexudiciais.

35.- Inés e Álvaro atópanse á fronte dun despacho de avogados especializado en dereito penal, no que prestan os seus servizos unha empregada administrativa e un pasante. Dado que tratan datos dos clientes que se relacionan co despacho, deben nomear un delegado de protección de datos?

- a) Non, xa que non tratan datos a grande escala nin se atopan dentro dos supostos de obrigação legal de nomeamento de delegado, pero poden facelo voluntariamente.
- b) Si, xa que deben nomear un delegado sempre que traten datos persoais.
- c) Non, dado que un despacho de avogados non está suxeito ás obrigações da lexislación de protección de datos, senón aos deberes deontolóxicos e legais de confidencialidade.
- d) Si, xa que é a persoa que se vai responsabilizar das medidas técnicas e organizativas apropiadas para o tratamento dos datos, podendo ser calquera dos dous avogados ou a administrativa.

36.- O despacho Bermúdez&Pérez que conta con 300 avogados en toda España leva a cabo tratamentos de datos dos seus clientes e provedores. Que obrigações ten con respecto a estes tratamentos?

- a) Debe eliminar todos os datos que teñan máis de dous anos de antigüidade.
- b) Inscribir os ficheiros en que consten eses datos ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- c) Comunicar os tratamentos realizados ao seu colexio de avogados.
- d) Elaborar un Rexistro de Actividades de Tratamento e telo a disposición da Axencia Española de Protección de datos.

37.- O avogado Juan Carlos renunciou a seguir defendendo a Manuel nun tema penal por motivos económicos, por non aboar a provisión de fondos solicitada. Manuel acode ao teu despacho e encárgache continuar coa defensa do devandito asunto. Que deberedes facer?

- a) Solicitar a Juan Carlos a venia profesional antes da primeira actuación, que non poderá negala.
- b) Podedes comparecer no procedemento en nome de Manuel.
- c) Necesariamente asinar folla de encargo e orzamento de honorarios antes de realizar calquera actuación.
- d) Comunicar a Juan Carlos o encargo realizado por Manuel antes de realizar a primeira actuación.

38.- Isabel é contratada por un despacho de avogados baixo o réxime do Real Decreto 1331/2006 sobre a prestación da actividade profesional de avogado en despachos de avogados. No seu contrato inclúese un pacto de permanencia de dous anos e durante a súa relación dáselle formación especializada por parte do despacho. Ao cabo de once meses, Isabel comunica a súa intención de deixar voluntariamente o despacho. Pode obrígalas o despacho a permanecer no seu posto de traballo ata se cumpriren os dous anos pactados?

- a) Non, pero o despacho terá dereito á indemnización de danos e perdas que se pactase no convenio colectivo ou no contrato de traballo.
- b) Non, pero o despacho terá dereito á indemnización de danos e perdas que se pactase no convenio colectivo ou no contrato de traballo, que en ningún caso poderá ser superior aos gastos que soportase o despacho como consecuencia da formación ou especialización.
- c) Si, pero Isabel terá dereito a unha redución de xornada nos termos que se pactasen no convenio colectivo ou no contrato de traballo.
- d) Non, pero o despacho poderá esixirlle que finalice os asuntos encomendados que teña.

39- Está a tramitarse un procedemento penal fronte ao avogado Miguel por, presuntamente, apropiarse indebidamente de fondos do seu cliente. Cal debe ser a actuación do colexio de avogados onde se cometeron os feitos ao ter coñecemento destes?

- a) Non deberá levar a cabo ningunha actuación ata a terminación do procedemento penal polos mesmos feitos.
- b) O colexio de avogados poderá incoar un procedemento sancionador polos devanditos feitos e suspender a súa tramitación ata a terminación do procedemento penal.
- c) O colexio de avogados non poderá levar a cabo ningunha actuación en virtude do principio non bis in ídem.
- d) O colexio de avogados deberá incoar obrigatoriamente o procedemento sancionador e deberá suspender a súa tramitación ata que recaia pronunciamento firme da autoridade xudicial.

40.- Carlos é un avogado que intervéñ nun proceso penal como acusación en nome do seu cliente Marcos, e consegue unha condena de prisión de 3 anos para Esteban. Unha vez firme a sentenza e, con Esteban en prisión cumprindo condena, Carlos ten noticias de que unha das probas utilizadas, a máis fundamental para a condena de Esteban, é falsa e debíase a unha falsificación realizada polo seu cliente Marcos. Cal debe ser o comportamento de Carlos?

- a) Comunicar a existencia da dita falsificación ao avogado de Esteban para que interpoña recurso de revisión.
- b) Facer pública a dita circunstancia para os efectos que procedan dada a gravidade da situación.
- c) Non comunicar nada de canto tivo coñecemento ao atoparse sometido ao segredo profesional.
- d) Comunicarllo ao avogado contrario, pero previamente avisar o seu cliente Marcos das consecuencias da devandita comunicación.

41.- A avogada Amanda colabora co avogado Alejandro na tramitación de diversos asuntos xudiciais, e teñen pactada a repartición de honorarios nunha porcentaxe do 75% para a primeira e 25% para o segundo. É correcto este acordo?

- a) A dita actuación non é correcta, dado que prexudica a un dos avogados.
- b) A dita actuación non é correcta, dado que o avogado non pode pagar ningunha compensación a outra persoa por enviarlle un cliente.
- c) A dita actuación será correcta se o cliente coñece o pacto de honorarios e o acepta de maneira expresa.
- d) O acordo é correcto posto que hai unha colaboración profesional.

42.- Isabel, cliente de Marta, a quen lle encomendou a defensa dos seus intereses no procedemento xudicial de separación que iniciou fronte a ela o seu marido David, ten sospeitas de que a súa letrada, Marta, puidese ter relacións de amizade co avogado de David, e así llo expón a Marta. Que debe facer Marta?

- a) Marta ten a obriga de poñer en coñecemento de Isabel, exclusivamente de maneira verbal, aínda que Isabel llo solicítase por escrito, todas aquelas situacións que aparentemente puidesen afectar á súa independencia, como relacións familiares, de amizade, económicas ou financeiras coa parte contraria ou cos seus representantes.
- b) Marta non ten a obriga de poñer en coñecemento de Isabel ningunha situación que aparentemente puidese afectar á súa independencia, como relacións familiares, de amizade, económicas ou financeiras coa parte contraria ou cos seus representantes.
- c) Marta ten a obriga de poñer en coñecemento de Isabel, exclusivamente de maneira verbal, aínda que Isabel llo solicítase por escrito, todas aquelas situacións que aparentemente puidesen afectar á súa independencia pero non as referidas ás súas relacións familiares, de amizade, económicas ou financeiras cos representantes da parte contraria.
- d) Marta ten a obriga de poñer en coñecemento de Isabel, mesmo por escrito se Isabel llo solicítase do mesmo xeito, todas aquelas situacións que aparentemente puidesen afectar á súa independencia, como relacións familiares, de amizade, económicas ou financeiras coa parte contraria ou cos seus representantes.

43.- Andrea e Luis están divorciados. Andrea foi vivir a Francia, polo que a custodia dos fillos menores quedou a cargo de Luis, mantendo a patria potestade compartida. Tras uns meses, Luis acode ao despacho da súa avogada Ana e comúncalle que está a pasar un mal momento económico ao carecer de ingresos e para que os seus fillos non queden desasistidos solicitou a custodia temporal da Deputación para os menores. Luis pídlle a Ana que non comunique esa circunstancia ao avogado da súa exmuller. Ana, tras informalo de que a nai debería coñecer a situación, respecta a petición de Luis. Foi correcta a súa actuación?

- a) Non, porque a patria potestade é compartida e por tanto unha situación así debe ser coñecida e consensuada por ambos os proxenitores.
- b) Si, porque a avogada está obrigada polo segredo profesional.
- c) Non, porque o deber de segredo profesional non é ilimitado e absoluto e debe primar o interese do menor e dereito do cónxuxe non custodio a coñecer a situación.
- d) Si, porque a avogada de Luis só debe defender os intereses do seu cliente.

44.- Marta defende a dous demandados nun procedemento de responsabilidade civil, e un deles expón que a responsabilidade é do outro. Que debería facer Marta?

- a) Debería renunciar á defensa de ambos os clientes en todo caso.
- b) Debería renunciar á defensa de ambos os clientes, salvo autorización expresa dos dous para intervir en defensa dun deles.
- c) Debería renunciar á defensa dun deles, o último que lle encomendou a súa defensa.
- d) Debería seguir co procedemento ata que se dite sentenza para non xerar indefensión a ningún deles.

45.- Maite é clienta habitual de Sandro, avogado da súa confianza co que leva traballando moitos anos. En data recente, Maite encomenda a Sandro que lle leve un novo asunto e pídlle asinar, con anterioridade, unha folla de encargo para coñecer con seguridade o importe dos honorarios e a súa forma de pagamento. Cal é a actuación que debería ter Sandro ante esta solicitude de folla de encargo?:

- a) Debe negarse porque supón unha desconfianza impropia nas relacións entre avogado e cliente.
- b) Debe subscribir a folla de encargo porque o seu cliente llo pide.
- c) Debe subscribila porque é unha obrigaón dos avogados en todos os casos asinar unha folla de encargo, aínda que non llo solicitase Maite.
- d) Debe negarse porque para iso están os criterios orientadores para taxacións de custas.

46.- Juan, letrado de León, é titular dun despacho profesional individual no que colabora, con relación laboral, Aitor, avogado tamén colexiado e exercente. Nun dos asuntos nos que Aitor colaboraba con Juan, e debido exclusivamente a unhas xestións levadas a cabo persoalmente polo propio Aitor, xérase un prexuízo ao cliente.

- a) Juan, en canto avogado titular dun despacho profesional individual responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das xestións ou actuacións efectuadas por Aitor, en canto que é o seu colaborador, sen prexuízo da facultade de repetir contra el se procedese.
- b) Juan en ningún caso responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das xestións ou actuacións efectuadas por Aitor.
- c) Juan, en canto avogado titular dun despacho profesional individual responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das xestións ou actuacións efectuadas por Aitor, en canto que é o seu colaborador, só no caso de que estas fosen constitutivas de delito.
- d) Juan, en canto avogado titular dun despacho profesional individual responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das xestións ou actuacións efectuadas por Aitor, en canto que é o seu colaborador, só no caso de que así o establecese expresamente a xunta do colexio de avogados.

47.- Asier é graduado en dereito, superou en 2017 o máster de acceso á profesión de avogado e mais a proba de estado para acceso á avogacía convocada polo Ministerio de Xustiza, aínda que non se incorporou a ningún colexio de avogados. En datas recentes recibiu demanda de divorcio da súa esposa e está considerando defenderse a si mesmo. É iso posible se non está colexiado?

- a) Non, porque para poder actuar en calquera xulgado necesariamente hai que estar colexiado nun colexio de avogados.
- b) Si, porque cumprindo os requisitos para incorporarse a un colexio de avogados non se necesita a dita incorporación para a defensa de asuntos propios, aínda que si ten que solicitar unha habilitación ao decano do colexio de avogados para a devandita intervención.
- c) Si, porque nos procedementos de divorcio pode actuar calquera licenciado ou graduado en dereito que sexa parte aínda que non estea colexiado.
- d) Si, xa que superou un máster de acceso á profesión de avogado e aprobou a proba de estado convocada polo Ministerio de Xustiza.

48.- Felipe quere incorporarse ao exercicio profesional dándose de alta no Colexio de Avogados de Sevilla e tendo o seu despacho profesional en Vigo, pode facelo?

- a) Si, porque hai liberdade de elección de colexio.
- b) Si, porque o domicilio só é relevante para os efectos fiscais.
- c) Si, porque o seu domicilio profesional situado en localidade distinta á do territorio do colexio só lle impediría a súa incorporación á quenda de oficio no devandito colexio.
- d) Non, ten obrigación de incorporarse ao colexio onde radique o seu domicilio profesional único ou principal.

49.- Izaskun asume, como avogada, a defensa dos intereses de Olga nun procedemento de despedimento contra ela formulado pola empresa Palacios Gómez, SL. Izaskun defendera no pasado a Palacios Gómez SL fronte á demanda presentada por outro empregado nun xuízo celebrado catro anos antes, e entón obtivera documentación interna da empresa da que se desprendía a existencia de anomalías contractuais nas súas relacións cos empregados. Olga pide a Izaskun que presente a dita documentación, xunto coa demanda. Que debe facer Izaskun?:

- a) Presentar o documento, xa que o deber de segredo profesional só permanece por un prazo de tres anos despois de finalizar a prestación de servizos ao cliente.
- b) Presentar o documento, xa que a petición do seu actual cliente Olga é suficiente para que se vexa escusada dos seus deberes de segredo profesional.
- c) Non presentar o documento xa que non transcorreu o prazo de 5 anos despois de finalizar a prestación de servizos ao cliente.
- d) Non presentar o documento xa que o deber de segredo permanece no tempo ilimitadamente.

50. Carla e Roberto traballan como avogados no despacho de avogados do que é titular Lucas, asinando un contrato laboral. Carla descoñece ata que punto está obrigada a cumprir as indicacións de Lucas respecto da forma de prestar os seus servizos profesionais polo que pregunta ao respecto ao seu compañeiro Roberto. Roberto infórmalle:

- a) Que debe cumprir as indicacións de Lucas, mesmo cando se trate dun caso no que exista conflito de intereses entre ambos.
- b) Que non debe cumprir as indicacións de Lucas xa que este só verificará o cumprimento das súas obrigacións laborais.
- c) Que debe cumprir as indicacións de Lucas, salvo que contraveñan os principios e valores da avogacía ou as obrigacións que imponen aos avogados as normas que rexen a profesión.
- d) Que debe cumprir as indicacións de Lucas xa que é o titular do despacho, quedando por iso eximido da responsabilidade disciplinaria que da súa actuación profesional puidese derivarse.

Preguntas de reserva

1.- Carla, avogada italiana incorporada á Orde dos Avogados de Florencia, ten como cliente habitual a Sergio, que se atopa nun cárcere español por un asunto de tráfico de drogas. Carla recibe a chamada de Sergio, que lle explica a súa situación e pídlle que o defenda ante os tribunais españois. Que requisitos ten que cumprir Carla para poder defender a Sergio en España?

- a) Carla ten que presentar o carné de colexiada na Orde dos Avogados de Florencia cando interveña en defensa de Sergio en calquera instancia.
- b) Carla ten que solicitar a habilitación no ámbito territorial do Colexio onde se atopen os órganos xudiciais competentes.
- c) Carla ten que actuar concertadamente cun avogado colexiado nun colexio de avogados de España.
- d) Carla ten que pedir unha autorización ao Consello Xeral da Avogacía Española.

2.- África, avogada, está a negociar co seu compañeiro Pedro o cumprimento dun contrato mercantil entre clientes de ambos e, en concreto, o pago da cantidade de 1200 euros. As negociacións prolónganse intentando evitar o xuízo, pero África sospeita que o ánimo do seu compañeiro é dilatorio. O exercicio da acción de reclamación prescribe en breve polo que o cliente de África lle ordena presentar a demanda, e ela así o fai, sen previo aviso a Pedro. É correcta a actuación de África?:

- a) Si, porque está a obedecer as indicacións do seu cliente.
- b) Si, porque está próxima a posible prescrición da acción.
- c) Non, porque debe comunicarse o cesamento das negociacións ao letrado contrario antes de demandar.
- d) Non, porque neste caso a intervención do letrado non é preceptiva e a demanda preséntaa o cliente ao seu nome.

3. Agustí, que vive en Sevilla interpuxo unha demanda de xuízo verbal en Madrid en reclamación de 1900 euros, valéndose para a súa representación e defensa de avogado e procurador. A sentenza ditada no procedemento estima integramente a reclamación con expresa condena en custas. Pode Agustí reclamar as custas causadas polo seu avogado e procurador?

- a) Non, porque nos procedementos de xuízo verbal de menos de 2000 euros non é preceptiva a intervención de avogado e procurador.
- b) Non, só pode reclamar as custas derivadas do seu letrado.
- c) Si, porque presentou a súa demanda con avogado e procurador.
- d) Si, porque o domicilio de Agustí está en lugar distinto de onde se presentou a demanda.

4. Nun contrato de compravenda ambas as partes establecen expresamente nunha cláusula que, para o caso de incumprimento das obrigas pactadas, será ao infractor a quen se lle impoñan as custas xudiciais do preito que se produza. Indique a resposta correcta:

- a) En cumprimento do establecido nesta cláusula, que vincula ao tribunal, sempre a parte incumplidora será condenada en custas.
- b) Só será condenada en custas a parte que litigue con temeridade, non vinculando esta cláusula ao tribunal.
- c) Só será condenada en custas a parte que litigue con mala fe, non vinculando esta cláusula ao tribunal.
- d) Esta cláusula non vincula en absoluto ao tribunal que establecerá a condena en custas que estime oportuna en aplicación da LAC, dado que as disposicións sobre condena en custas son imperativas e non dispoñibles para as partes.

5. Nuria ten unha conta corrente en Berna (Suíza) e pídlle a Antonio, avogado, que realice as xestións necesarias para traer o diñeiro a España, manifestándolle que o diñeiro provén da venda dunha casa na devandita cidade que acaba de herdar dunha tía. Que debe facer Antonio?

- a) Absterse de levar o asunto dado que os fondos se atopan nun paraíso fiscal.
- b) Debe extremar a cautela e facer un exame especial ao se trataren de fondos provenientes dun paraíso fiscal.
- c) Debe informar o Servizo Executivo da Comisión de Prevención de Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias por ser unha operación sospeitosa.
- d) Debe aceptar o encargo e confiar no manifestado por Nuria.

6.- Luis vai ter a semana que vén unha vista na Audiencia Provincial de Barcelona que resulta moi importante para el e, por iso, quere que ese día Manuel, compañeiro de despacho, o auxilie no acto do xuízo.

- a) Manuel pode auxiliar a Luis no acto do xuízo porque ambos están colexiados como exercentes.
- b) Manuel pode auxiliar a Luis no acto do xuízo porque ambos están colexiados como exercentes, sempre e cando se trate dunha causa complexa e/ou dun volume superior aos 1000 folios.
- c) Manuel pode auxiliar a Luis no acto do xuízo porque ambos están colexiados como exercentes, sempre e cando Manuel leve colexiado máis de dez anos.
- d) Manuel pode auxiliar a Luis no acto do xuízo porque ambos están colexiados como exercentes, sempre e cando Manuel poida acreditar estar especializado na materia na que vai auxiliar a Luis.

B. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL-MERCANTIL

1.- José, traballador por conta allea en situación de desemprego, decide iniciar un expediente de acordo extraxudicial de pagos, a fin de resolver a súa situación de insolvencia mediante un acordo cos seus acredores. O acredor hipotecario, ante a falta de pagamento das cotas de amortización do préstamo, inicia o procedemento de execución hipotecaria sobre o inmoble que constitúe a vivenda habitual de José, ante un xulgado de primeira instancia. Que efecto produce a tramitación do procedemento de execución hipotecaria?:

- a) Ningún, a execución continua normalmente.
- b) A execución continúa ante o xuíz competente para coñecer do concurso de acredores do debedor José.
- c) O procedemento parálizase durante un prazo de tres meses.
- d) O procedemento arquívase definitivamente.

2.- Continuando co caso anterior, José non logra alcanzar un acordo cos seus acredores polo que debe presentar unha demanda de solicitude de declaración de concurso. Que xulgado é o competente?:

- a) O xulgado do mercantil da provincia onde ten o seu domicilio José.
- b) O xulgado de primeira instancia da capital da provincia na que ten o seu domicilio José.
- c) O xulgado do social do domicilio de José.
- d) O xulgado de primeira instancia do domicilio de José.

3.- A empresa Distribuciones Arganda, SL, ten unha débeda comercial de 10.000 euros, acreditada documentalmente, con Hierros Coslada, SL, que se atopa en situación de concurso de acredores. O administrador concursal do concurso emitiu o informe previsto no art. 75 da Lei concursal, con todo, na lista de acredores non aparece recoñecido o dereito de crédito de Distribuciones Arganda fronte á concursada Hierros Coslada. Que actuacións pode iniciar Distribuciones Arganda para reclamar o seu dereito de crédito?:

- a) Presentar unha demanda de xuízo ordinario en reclamación de cantidade contra Hierros Coslada ante o xulgado de primeira instancia.
- b) Presentar un incidente de impugnación da lista de acredores no concurso do debedor Hierros Coslada, S L.
- c) Presentar unha petición inicial de xuízo monitorio ante o xulgado de primeira instancia do domicilio da debedora.
- d) Iniciar un procedemento de execución de título extraxudicial ante o xulgado de primeira instancia.

4.- Interposta ante o xulgado do mercantil unha demanda de reclamación de cantidade dunha factura de 5000 euros que Transportes Atocha reclama a Suministros Eléctricos Castellana, SL, fronte a Luis, fundamentada no feito de non promover a disolución da sociedade Suministros Eléctricos Castellana, SL, da que é administrador único, e concorrendo causa legal para disolver a devandita sociedade, que incidencia ten na tramitación do procedemento a declaración do concurso de acredores da sociedade Suministros Eléctricos Castellana, SL?:

- a) Suspéndese a súa tramitación ata que conclúa o procedemento concursal.
- b) Arquívase o procedemento carecendo de validez todo o actuado.
- c) Continúa ata que se dite sentenza firme en primeira instancia.
- d) Acumúlase ao concurso de acredores, continuando alí a súa tramitación.

5.- Seguindo co caso anterior, formulada por Transportes Atocha demanda de reclamación de cantidade polo importe da débeda de 5000 euros fronte a Suministros Eléctricos Castellana, SL, que incidencia ten na tramitación do procedemento a declaración de concurso de acredores de Suministros Eléctricos Castellana, SL:

- a) Suspéndese a súa tramitación ata que conclúa o procedemento concursal.
- b) Arquívase o procedemento carecendo de validez todo o actuado.
- c) Continúa ata que se dite sentenza firme en primeira instancia.
- d) Acumúlase ao concurso de acredores, continuando alí a súa tramitación.

6.- Nunha sociedade de responsabilidade limitada, o órgano competente para formular as contas anuais da sociedade é:

- a) A xunta xeral de socios.
- b) O auditor de contas.
- c) O socio maioritario.
- d) O órgano de administración.

7.- Antonio, veciño de Madrid e socio de Supermercados del Barrio, SL, con domicilio social en Sevilla, ten coñecemento de que a xunta xeral de socios da referida sociedade adoptou un acordo polo que se aprobaban as contas anuais do exercicio, acordábase aplicar o resultado a reservas e non distribuír dividendos, á vez que se nomeaba un novo administrador único da sociedade. Antonio é titular dun 20% do capital social e, con todo, non foi convocado persoalmente á xunta, a pesar de que nos estatutos sociais se establece que a convocatoria se realizará de modo individualizado a cada socio. Que pode facer Antonio para impugnar a dita xunta?:

- a) Presentar unha demanda de xuízo ordinario de impugnación de acordos sociais nos xulgados do mercantil de Madrid.
- b) Presentar unha demanda de xuízo verbal de impugnación de acordos sociais nos xulgados do mercantil de Sevilla.
- c) Presentar unha demanda de xuízo ordinario de impugnación de acordos sociais nos xulgados do mercantil de Sevilla.
- d) Iniciar un expediente de xurisdición voluntaria ante os xulgados do mercantil de Sevilla coa finalidade de convocar unha nova xunta xeral de socios sobre o mesmo obxecto que a anterior.

8.- Os administradores sociais dunha sociedade de responsabilidade limitada consideran conveniente proceder a modificar os estatutos sociais, para o que deben convocar unha xunta xeral extraordinaria de socios, aínda que desexan saber cal é a maioría necesaria, neste caso, para adoptar validamente o acordo de modificación estatutaria. Cal é a dita maioría?:

- a) O voto favorable de máis da metade dos votos correspondentes ás participacións en que se divida o capital social.
- b) A maioría dos votos validamente emitidos, sempre que representen polo menos un terzo dos votos correspondentes ás participacións sociais en que se divida o capital social.
- c) O voto unánime dos socios.
- d) A maioría absoluta do capital presente ou representado se este supera o cincuenta por cento do capital social.

9.- Os titulares dunha marca española rexistrada teñen coñecemento de que unha empresa de Valladolid está a utilizar a marca da que son titulares sen a súa autorización. Deciden presentar unha demanda de xuízo ordinario solicitando que se declare a infracción do dereito de marca e se condene á demandada ao cesamento na actividade infractora e a indemnizar os danos e perdas causados. Que xulgados dos seguintes serían competentes para coñecer da demanda?:

- a) O Xulgado do Mercantil de Burgos por ser a sede do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León.
- b) O Xulgado do Mercantil de Valladolid.
- c) Os Xulgados do Mercantil de Alacante de Marca Comunitaria.
- d) Os Xulgados do Mercantil de Madrid con competencia na materia.

10.- No caso de que nun litixio fose conveniente presentar unha solicitude de medidas cautelares debemos ter en conta que, en relación con esa institución procesual, o correcto é:

- a) Que só poden presentarse coa demanda.
- b) É necesario ofrecer caución para responder dos danos e perdas que poidan causarse ao que debe soportalas.
- c) Sempre se adoptan sen oír a parte demandada.
- d) Contra a resolución xudicial que concede ou rexeita as medidas nunca cabe recurso.

11.- Admitida a trámite por un Xulgado de Primeira Instancia de Málaga (domicilio da demandante) unha demanda de xuízo ordinario contra o noso cliente, con domicilio sito en Madrid, en reclamación dunha débeda de carácter comercial, deuse traslado da demanda e concedeuse un prazo de vinte días para contestala. Considerando que a demanda debería terse presentado en Madrid, que actuación procesual debería realizarse?:

- a) Contestar a demanda alegando como excepción procesual a falta de competencia territorial.
- b) Recorrer en reposición o auto de admisión a trámite da demanda.
- c) Presentar un incidente extraordinario de nulidade de actuacións.
- d) Formular dentro dos primeiros dez días do prazo para contestar a demanda declinatoria por falta de competencia territorial.

12.- Proposta a proba no acto da audiencia previa dun xuízo ordinario, esta é inadmitida polo xuíz, que medio de impugnación pode empregarse fronte a esa resolución?:

- a) Recorrela en reposición por escrito dentro dos cinco días seguintes á conclusión da audiencia previa.
- b) Recorrela en reposición oralmente no propio acto da audiencia previa.
- c) A decisión é irrecorrible.
- d) O único modo de impugnar a decisión é nun eventual recurso de apelación contra a sentenza que se dite.

13.- Nunha comunidade de propietarios, un dos veciños discapacitado, que precisa usar unha cadeira de rodas, solicita a instalación dunha rampla para salvar unha serie de chanzos previos ao relanzo no que se atopa o ascensor, cal é o réxime de maiorías aplicable para aprobar a devandita obra?:

- a) Esíxese a unanimidade de todos os propietarios por afectar a elementos comúns.
- b) Basta que se adopte por maioría de propietarios que, á súa vez, representen a maioría das cotas de participación.
- c) Son obras obrigatorias que non requiren un acordo previo da xunta de propietarios.
- d) Só poden realizarse mediante acordo do concello correspondente.

14.- Na audiencia previa dun procedemento ordinario, a avogada Paula, que defende a un codemandado, solicita como proba o interrogatorio de parte doutro dos codemandados. É iso posible?

- a) Un codemandado nunca pode pedir o interrogatorio doutro codemandado.
- b) Un colitigante poderá pedir o interrogatorio doutro colitigante sempre e cando exista no proceso oposición ou conflito de intereses entre ambos.
- c) Só a parte demandante pode solicitar o interrogatorio dos demandados.
- d) Só poderá solicitar o interrogatorio do codemandado se tamén o pide o seu avogado.

15.- Como consecuencia dunha colisión de tráfico, o vehículo do noso cliente sofre danos por valor de 2000 euros. Aos tres meses do accidente, e unha vez concluída a reparación do vehículo, enviamos un burofax á aseguradora do vehículo contrario reclamándolle o aboamento dos danos causados, sen que esta proceda ao pago dos danos. De que prazo dispoñemos para presentar a demanda?:

- a) A demanda debe presentarse como máximo no prazo dun ano desde a data do accidente de tráfico.
- b) A demanda debe presentarse como máximo no prazo dun ano desde a reparación do vehículo.
- c) A demanda debe presentarse como máximo no prazo de nove meses desde a reclamación á aseguradora.
- d) A demanda debe presentarse como máximo no prazo dun ano desde a reclamación á aseguradora.

16.- José, como vendedor, e Alberto, como comprador, concertan a compravenda dun apartamento en Gandía do que é propietario José por 100.000 euros que serán pagados por Alberto en catro prazos trimestrais de 25.000 euros cada un deles. A entrega de chaves realizarase un mes despois da sinatura da escritura pública de venda. En que momento se perfecciona a venda e é obrigatoria tanto para José como para Alberto?:

- a) No momento da entrega de chaves do apartamento a Alberto.
- b) No momento do outorgamento da escritura pública de compravenda.
- c) No momento do pago do primeiro prazo do importe do prezo do apartamento.
- d) No momento no que se concerta a compravenda do apartamento de Gandía propiedade de José e se fixa o prezo en 100.000 euros que deberá pagar Alberto.

17.- Formulada unha demanda de separación matrimonial por Ana J., fronte a Fernando D., en que casos pode o demandado formular reconvencción?:

- a) En todo caso.
- b) Unicamente cando se funde nalgunha das causas que poidan dar lugar á nulidade do matrimonio.
- c) Cando o demandado pretenda a nulidade, o divorcio ou cando pretenda a adopción de medidas definitivas, que non fosen solicitadas na demanda, e sobre as que o tribunal non deba pronunciarse de oficio.
- d) Nunca. Nos procesos matrimoniais, non cabe a reconvencción.

18.- En que casos se extingue a acción de divorcio?:

- a) Exclusivamente pola morte de calquera dos cónxuxes.
- b) Pola súa reconciliación, que deberá ser expresa cando se produza despois de interposta a demanda.
- c) Pola morte de calquera dos cónxuxes e pola súa reconciliación, que deberá ser expresa cando se produza despois de interposta a demanda.
- d) Pola morte de calquera dos cónxuxes e pola súa reconciliación, que deberá ser expresa e posta en coñecemento do xulgado se xa recaese sentenza.

19.- Ana J. quere presentar demanda de divorcio fronte ao seu esposo Fernando G. O matrimonio tiña o domicilio habitual en Ávila ata que, en marzo de 2017, se separaron, o esposo marchou a vivir a Sevilla e Ana J. a Xixón, onde atopou traballo, e quedou alí a vivir. Cal é o Xulgado competente para a acción de divorcio?:

- a) O Xulgado de Primeira Instancia de Xixón.
- b) O Xulgado de Primeira Instancia de Ávila e o de Xixón a elección da demandante.
- c) O Xulgado de Primeira Instancia de Sevilla.
- d) O Xulgado de Primeira Instancia de Ávila e o de Sevilla, a elección da demandante.

20.- Marisa e Pablo contraeron matrimonio en París, onde fixaron a súa residencia habitual. Prodúcese unha discusión e Marisa marcha cos nenos ao seu país de orixe, España, e queda a vivir en Madrid, no domicilio da súa nai. Que norma aplicarías para valorar a competencia xudicial internacional dos tribunais españois para interpoñer a acción de divorcio?:

- a) O artigo 769 da Lei 1/2000 de axuízamento civil.
- b) O Regulamento (CE) núm. 2201/2003 do Consello, do 27 de novembro de 2003, relativo á competencia, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia matrimonial e de responsabilidade parental, polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1347/2000.
- c) A Lei francesa en materia de separación e divorcio.
- d) A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

21.- Os cónxuxes Catalina e Jorge presentaron unha demanda de divorcio de mutuo acordo baixo a dirección letrada da avogada Ana María, e achegaron asinado un convenio regulador das súas relacións futuras. O xulgado ditou unha sentenza pola que aprobaba na súa totalidade as medidas contidas no convenio regulador. Tras a sentenza, Jorge acode ao teu despacho ao entender que o réxime de garda e custodia dos seus fillos menores non é adecuado e expón a posibilidade de interpoñer recurso de apelación contra a sentenza. É iso posible?

- a) Si, sendo o prazo de recurso o xeral de vinte días desde a notificación da sentenza.
- b) Si, sendo o prazo de recurso de dez días desde a notificación da sentenza.
- c) Si é posible, pero deberá formular unha demanda de modificación de medidas ante o propio xulgado que ditou a sentenza.
- d) Non é posible, xa que só o Ministerio Fiscal poderá recorrer, en interese dos menores, contra a sentenza que aprobe na súa totalidade a proposta de convenio regulador.

22.- Na audiencia previa dun xuízo ordinario promovido por Carmelo contra Cristina, o xulgado declara o xuízo visto para sentenza sen previa celebración do xuízo. Indique a única resposta correcta:

- a) En ningún caso é posible ditar sentenza nun xuízo ordinario sen celebración previa do xuízo, polo que os avogados das partes poderán recorrer en reposición contra tal decisión, que deberá ser resolta oralmente polo xuíz na mesma audiencia previa.
- b) En ningún caso é posible ditar sentenza nun xuízo ordinario sen celebración previa do xuízo, sen que se poida recorrer contra tal decisión na audiencia previa, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao recorrer contra a sentenza.
- c) É posible cando a única proba que resulte admitida sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ao proceso sen resultar impugnados, ou cando se presentasen informes periciais, e nin as partes nin o tribunal solicitasen a presenza dos peritos no xuízo para a ratificación do seu informe.
- d) É posible que o xulgado proceda a ditar sentenza sen celebración previa do xuízo cando o xulgado así o entende oportuno, sen que se poida recorrer contra tal decisión na audiencia previa, sen prexuízo de reproducir a cuestión ao recorrer contra a sentenza.

23.- Compareces en defensa do teu cliente como parte actora á audiencia previa pero non comparece a parte demandada. Indique a resposta correcta:

- a) Dítase directamente sentenza estimatoria da demanda.
- b) Dítase un auto de sobsemento e a parte actora deberá presentar novamente a demanda.
- c) Celébrase a audiencia previa coa parte actora no que resultar procedente.
- d) Suspéndese e cítase por segunda e última vez a parte demandada sinalando nova data.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24.- Pedro, con veciñanza civil navarra desde o seu nacemento, falece sen outorgar testamento en Vigo, lugar onde viña residindo tras o seu matrimonio había cinco anos. Nos bens relictos só aparece un apartamento en Cádiz. Pedro tiña un fillo dun anterior matrimonio que reside en Bilbao. Indique o dereito aplicable á sucesión *mortis causa* de Pedro:

- a) Dereito navarro.
- b) Dereito do País Vasco.
- c) Código civil.
- d) Dereito galego.

25.- Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A.- Dereito civil común:

25.- Juan e María, de veciñanza civil de dereito común, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Sociedade conxugal de conquistas.
- d) Comunicación foral de bens.

B.- Dereito civil de Aragón:

25.- Juan e María, de veciñanza civil aragonesa, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Sociedade conxugal de conquistas.
- d) Réxime de consorcio conxugal.

C.- Dereito civil de Baleares:

25.- Juan e María, de veciñanza civil das Illas Baleares, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Comunicación foral de bens.
- d) Réxime de consorcio conxugal.

D.- Dereito civil de Cataluña:

25.- Juan e María, de veciñanza civil catalá, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Sociedade conxugal de conquistas.
- d) Comunicación foral de bens.

E.- Dereito civil de Galicia:

25.- Juan e María, de veciñanza civil galega, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Sociedade conxugal de conquistas.
- d) Comunicación foral de bens.

F.- Dereito civil do País Vasco (Bizkaia):

25.- Juan e María, de veciñanza civil do País Vasco (Bizkaia), contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Separación de bens.
- b) Sociedade conxugal de conquistas.
- c) Comunicación foral de bens.
- d) Réxime de consorcio conxugal.

G.- Dereito civil de Navarra:

25.- Juan e María, de veciñanza civil navarra, contraen matrimonio sen outorgar capitulacións matrimoniais. Indique cal é o réxime económico que rexe o matrimonio:

- a) Réxime de gananciais.
- b) Separación de bens.
- c) Sociedade conxugal de conquistas.
- d) Comunicación foral de bens.

Preguntas de reserva

1.- O teu cliente Ignacio e o seu irmán Javier acoden ao teu despacho porque teñen unha tía solteira, sen fillos, que sofre un alzhéimer severo. Os pais desta señora faleceron hai anos e o seu único irmán, o pai dos teus clientes, tamén faleceu, deixando cinco fillos. Queren promover a incapacitación xudicial da súa tía. Cal dos seguintes consellos legais sería correcto?

- a) Calquera persoa está facultada para promover a incapacitación.
- b) Para promover a incapacitación é preciso que haxa acordo da maioría de parentes do presunto incapaz, polo que sendo cinco sobriños, os teus clientes precisan a conformidade doutro dos seus irmáns para podela promover.
- c) Só poden promover a incapacitación os parentes que perciban alimentos do presunto incapaz.
- d) Os sobriños non están lexitimados para promover a declaración de incapacidade, pero poderán acudir ao Ministerio Fiscal para que promova a incapacitación.

2.- A túa cliente María ten ao seu favor unha sentenza de condena (nun procedemento de reclamación de cantidade), que é firme. Consúltache en que prazo pode executarse a sentenza. Que resposta sería correcta?

- a) Non pode despacharse execución ata dentro dos vinte días seguintes á firmeza da sentenza.
- b) Pode despacharse en calquera momento mentres non transcorresen tres anos.
- c) Non pode despacharse execución ata que transcorran dous meses desde a firmeza da sentenza.
- d) Pode despacharse execución ao día seguinte da notificación da sentenza.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1.- Evelia é sorprendida ao saír do Corte Inglés con varias pezas de roupa da tenda escondidas nun bolso, cuxo PVP é de 580 €, IVE incluído, que pretendía levar sen pagar. Tal feito constitúe:

- a) Un delito leve, ao cometerse en establecemento comercial aberto ao público.
- b) Un delito menos grave, dado o PVP.
- c) Un delito leve ou menos grave en función da taxación pericial do produto.
- d) Un delito leve, ao cometerse en tentativa.

2.- Leonila, que está ao coidado da súa nai Suintila, de 90 anos e afecta da enfermidade de alzhéimer en grao avanzado, aproveita a situación para apoderarse das xoias que garda nunha caixa con chave, tras quitarlle a chave que Suintila gardaba nun caixón. Pode ser punible a conduta de Leonila?:

- a) Si, porque se trata dun roubo con forza nas cousas, o cal non está cuberto por ningunha causa de exención da responsabilidade criminal.
- b) Non, porque se trata da súa nai e é un delito patrimonial cometido sen violencia ou intimidación.
- c) Si, aínda que sexa a súa nai, porque se aproveitou da súa vulnerabilidade.
- d) Non, porque tales feitos non son constitutivos de infracción penal, sen prexuízo da responsabilidade civil correspondente.

3.- Francesc é acusado como cómplice dun delito de roubo con violencia ou intimidación consumado cometido nun establecemento aberto ao público. Cal é a marxe legal da pena que se lle pode impoñer?:

- a) Dun a dous anos de prisión.
- b) Dun ano e nove meses a tres anos, cinco meses e vinte e nove días de prisión.
- c) De cinco meses e sete días a dez meses e catorce días de prisión.
- d) De cinco meses e sete días a tres anos, cinco meses e vinte e nove días de prisión.

4.- Paulina, empregada do Concesionario de Toyota de Majadahonda Motor Juan SLU, co fin de probar cun cliente un turismo que está á venda no devandito establecemento, condúceo polo polígono industrial, e sofre un accidente ao non frear a tempo nun semáforo e atropelar un peón, que sofre lesións. Ao chegar a policía local, os axentes detectan síntomas de embriaguez, polo que a someten a un test de alcoholemia, con resultado positivo, e ábrenlle un atestado por delito de condución baixo os efectos do alcol e lesións imprudentes. Juan López, accionista único de Motor Juan, SLU, propietaria do vehículo sinistrado, pregunta se a súa sociedade ten algún tipo de responsabilidade civil polas lesións causadas no accidente, dado que o vehículo estaba correctamente asegurado e descoñecía que a súa empregada estivese embriagada:

- a) Non, xa que a responsabilidade única é da empregada condutora, ao conducir baixo os efectos do alcol e seren as lesións consecuencia dun delito.
- b) Non, xa que a responsabilidade civil será exclusivamente da condutora e da compañía aseguradora do vehículo.
- c) Si, solidariamente xunto coa empregada, xa que a responsabilidade civil sempre é solidaria e a compañía neste caso non se fai cargo do resultado lesivo polo consumo de alcol.
- d) Si, con carácter subsidiario respecto da empregada, e sen prexuízo da responsabilidade directa da compañía aseguradora.

5. Alejandro foi condenado polo Xulgado de Menores de Alacante ao cumprimento dunha medida de internamento en réxime pechado durante dous anos. Cando leva cumprido un ano, alcanza os 18 anos de idade. Que ocorre co ano de internamento que está pendente?:

- a) Continuará, en todo caso, o cumprimento da medida nos mesmos termos ata alcanzar os obxectivos propostos en sentenza.
- b) O xuíz de menores, logo de oído o Ministerio Fiscal, o letrado do menor, o equipo técnico e a entidade pública de protección, poderá ordenar nun auto motivado que o cumprimento da medida se leve a cabo nun centro penitenciario.
- c) Modificarase a medida para cumprir traballos en beneficio da comunidade.
- d) Extinguirase a responsabilidade penal desde o mesmo momento en que cumpra a maioría de idade.

6.- Eduvigis intenta matar á súa veciña Edelmira botándolle arsénico no café. Malia estar grave, Edelmira sobrevive, polo que Eduvigis é acusada dun delito intentado de asasinato. Indique o procedemento e o órgano competente para o axuízamento dos feitos:

- a) Procedemento da Lei do xurado e audiencia provincial, actuando un maxistrado como xuíz técnico.
- b) Procedemento da Lei do xurado e audiencia provincial, actuando polo menos tres maxistrados como xuíces técnicos.
- c) Procedemento ordinario e audiencia provincial, como tribunal colexiado.
- d) Procedemento abreviado e xulgado do penal.

7.- Nun procedemento que se segue en fase de dilixencias previas por estafa a unha pluralidade de persoas, Benjamín e Coral pretenden constituírse en parte como acusación particular por entender que foron prexudicados. Que requisitos formais require a súa constitución como parte?:

- a) Deben formular querela, cos requisitos do art. 277 da Lei de axuizamento criminal, e ofrecer fianza.
- b) Deben formular querela, cos requisitos do art. 277 da Lei de axuizamento criminal, sen necesidade de ofrecer fianza.
- c) Deben comparecer asistidos por letrado e representados por procurador, en calidade de acusación, sen necesidade de querela nin de prestar ou ofrecer fianza.
- d) Deben comparecer unicamente asistidos por letrado, xa que o procurador só se precisa a partir da apertura de xuízo oral, e sen necesidade de formular querela nin prestar fianza.

8.- Consonte o art. 302 da Lei de axuizamento criminal, o xuíz de instrución declara o segredo das actuacións para as partes por tempo dun mes. Na mesma resolución acorda a comparecencia para a prisión do seu defendido, Hermenegildo, que nese momento se atopa en detención policial. Ao acudir ao xulgado, solicita acceder ao sumario para coñecer os motivos da posible prisión do seu defendido, pero o funcionario ao cargo do asunto négalle calquera acceso ao expediente en virtude do segredo acordado. É iso correcto?:

- a) Si, porque ao declararse o segredo do sumario ningunha das partes, salvo o Ministerio Fiscal, pode acceder ao contido do sumario.
- b) Non, porque o letrado da persoa privada de liberdade sempre ten acceso ao sumario, aínda que se tivese declarado secreto.
- c) Si, xa que será no acto de audiencia de prisión cando o Ministerio Fiscal expoñerá os motivos que hai contra o detido e este poderá alegar o que proceda.
- d) Non, xa que o avogado do imputado terá acceso, en todo caso, aos elementos das actuacións que resulten esenciais para impugnar a privación de liberdade do investigado ou encausado.

9.- O posto da Garda Civil de Condomios de Arriba remite un atestado por un delito de condución baixo os efectos do alcol contra Ramiro, quen deu positivo nun control preventivo de alcoholemia cunha taxa de 0,80 mg/l de alcol en aire expirado, sen que presentase sintomatoloxía etílica. O xulgado incoa dilixencias previas e cita a declarar a Ramiro. Ramiro, que é profesional da condución, pregúntalle a vostede que pode facerse para que non se lle imponha unha pena moi prolongada de privación do dereito a conducir. Indique a resposta máis adecuada:

- a) Ramiro debería arriscarse a que se celebre o xuízo oral, pois ao tratarse dun control preventivo sen sintomatoloxía, non pode ser condenado por delito de condución baixo os efectos do alcol.
- b) Ramiro debería comparecer con vostede perante o xuíz de instrución e recoñecer os feitos, co fin de que se transformen as dilixencias en dilixencias urxentes de xuízo rápido para os efectos dunha posible conformidade con rebaixa nun terzo da pena solicitada pola acusación.
- c) Ramiro debería conformarse no acto do xuízo oral ante o xulgado do penal coa pena que poida vostede negociar, con carácter previo, co Ministerio Fiscal, xa que o procedemento se incoou como dilixencias previas e non é posible unha conformidade privilexiada.
- d) Dado que se trata dun delito susceptible de axuizamento rápido e con posibilidade de obter unha pena rebaixada en instrución, vostede, como letrado de Ramiro, deberá solicitar a nulidade das actuacións e a súa retroacción ao momento de elaboración do atestado, para que a Garda Civil tramite correctamente as dilixencias urxentes e no seu seo poida pactarse co fiscal unha pena susceptible de rebaixar nun terzo.

10.- Santiago pretende exercer a acción penal contra Eugenia, a súa exmuller, por unhas manifestacións injuriosas ou calumniosas vertidas no proceso de separación acerca de supostos abusos sexuais de Santiago sobre a filla común menor de idade. Que requisitos require o exercicio da acción penal?:

- a) Santiago deberá formular querela por calumnia ou injurias contra particulares.
- b) Santiago deberá simplemente formular denuncia, ao se produciren as injurias ou calumnias nun proceso xudicial e imputárselle feitos delituosos.
- c) Santiago deberá formular querela acompañada de certificación de celebrar acto de conciliación coa querelada ou de tentalo sen efecto.
- d) Santiago deberá formular querela acompañada de certificación de celebrar acto de conciliación coa querelada ou de tentalo sen efecto e ademais achegar autorización do xuíz matrimonial ante quen se inferiron as injurias ou calumnias.

11.- A policía xudicial, ante un caso de violación polo que foi detido José, decide solicitarlle consentimento informado para tomarlle mostras mediante frotis bucal, para os efectos de contrastar o seu ADN cos restos atopados na vítima do delito, e con carácter previo a solicitar autorización xudicial para a súa toma forzosa. Cómpre que o avogado estea presente nalgún momento do devandito proceso?:

- a) Non, xa que se trata dunha mostra entregada de forma voluntaria para a súa análise científica por un procedemento que non lesiona a integridade física do detido.
- b) Si, ten que estar presente cando se lle informa e toma o consentimento, co fin de asesoralo sobre as consecuencias da prestación ou denegación do dito consentimento.
- c) Non, xa que a proba pode redundar no seu beneficio se exclúe a súa culpabilidade, e ademais pode ser acordado polo xuíz en caso de negativa.
- d) Si, pero unicamente no momento en que se toma a mostra, dado que é cando se afecta a súa integridade física e intimidade persoal.

12.-. Ao chegar ao centro de detención onde se atopa detido Kepa, que o designou como avogado, vostede solicita a entrega da copia do atestado na súa integridade ou do que se atope redactado ou, polo menos, o acceso íntegro ao atestado, para poder valorar os feitos que se lle atribúen. Poden denegarlle a dita copia ou acceso íntegros?:

- a) Non, xa que desde o momento en que se exerce a defensa do detido, salvo que a causa estea declarada secreta, pode acceder a todos os documentos policiais e xudiciais da causa.
- b) Si, porque nesa fase unicamente ten dereito incondicionado a solicitar o acceso aos elementos esenciais do atestado necesarios para impugnar a detención.
- c) Non, pódennlle denegar a copia, pero non o acceso íntegro ás actuacións policiais.
- d) Si, xa que unicamente poderá acceder ao atestado ou a partes do atestado cando a causa se reciba no xulgado de instrución.

13.- O acusado Jaime, en prisión provisional desde o 5 de abril de 2015, prorrogada o 5 de abril de 2017, resulta condenado pola Audiencia Provincial como autor dun delito de violación á pena de dez anos de prisión o 15 de marzo de 2019. Ao anunciar recurso de casación o 20 de marzo, o seu avogado solicita a súa inmediata posta en liberdade dado o próximo vencemento do prazo máximo de prisión. Deberá estimar a sala necesariamente a dita solicitude?:

- a) Si, dado que o prazo máximo da prisión preventiva é de catro anos.
- b) Non se a medida segue sendo necesaria para alcanzar os fins da prisión, pero co límite dos dez anos da prisión imposta.
- c) Si, pois unha vez ditada unha sentenza pendente só de casación non é posible manter a prisión preventiva.
- d) Non, pois a sala pode prorrogar a prisión ata o 5 de abril de 2020.

14.- Nun procedemento abreviado seguido por delito de roubo con violencia ou intimidación, é vostede designado para defender o acusado no acto do xuízo oral, tras renunciar a súa primeira defensa. Ao examinar as actuacións, advirte que se puido producir unha vulneración de dereitos fundamentais ao practicarse a rolda de recoñecemento sen asistencia de letrado, pero tal feito non foi denunciado con anterioridade. É posible facer valer esta posible nulidade no acto do xuízo e en que momento?:

- a) Non, non é posible, xa que debeu invocarse durante a instrución da causa, antes de que se ditase o auto de transformación a procedemento abreviado, para que puidese emendarse a nulidade cunha nova rolda de recoñecemento.
- b) Si, é posible formular a nulidade da proba no trámite das cuestións previas.
- c) Non, xa que debeu pedirse a nulidade no escrito de defensa, polo que a petición é extemporánea.
- d) Si, pero non antes da fase de conclusións definitivas, xa que nas provisionais non se formulou a nulidade da proba.

15.- Ao ser nomeado como avogado da quenda de oficio para un cliente, Xerardo, cuxa defensa renunciou, dáselle traslado da causa (procedemento abreviado por delito de roubo con forza nas cousas) para que formule escrito de defensa. Nese momento, Xerardo infórmalle que é drogadicto, condición que tiña no momento dos feitos, e que cometeu o delito para conseguir diñeiro para proveerse de droga, algo que nunca explicara antes. Entrégalle diversos documentos de atención nun centro de tratamento. É posible propoñer proba pericial da drogadicción no escrito de defensa?:

- a) Si, con carácter de proba anticipada pode pedirse informe médico forense para que valore a posible drogadicción do acusado.
- b) Non, pois unicamente pode achegarse a proba documental que Xerardo lle facilita nese momento, xa que a instrución concluíu.
- c) Si, pero unicamente proba pericial privada, ao precluir o trámite de instrución e por tanto de intervención do médico forense.
- d) Non, xa que os feitos da instrución quedaron determinados no auto de transformación a procedemento abreviado, onde non consta a condición de drogadicto de Xerardo.

16.- A Audiencia Provincial de Segovia dita sentenza no procedemento ordinario 2/2019 pola que condena o seu cliente a unha pena de 7 anos de prisión por un delito de drogas. Que recurso ordinario cabe contra esta sentenza?:

- a) Recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.
- b) Recurso de casación ante o Tribunal Supremo.
- c) Recurso de apelación ante a Sala do Civil e do Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León.
- d) Non caben recursos ordinarios contra a dita sentenza.

17.- Santiago foi condenado por un delito de lesións do art. 147 do Código penal á pena de dous anos de prisión e a indemnizar a Javier coa suma de 3000 euros, por feitos ocorridos o 15 de xaneiro de 2019. O 5 de setembro de 2018, Santiago fora condenado como autor dun delito de abandono de familia. É posible que se suspenda a pena de dous anos imposta a Santiago?:

- a) Si, en todo caso, xa que a pena non excede de dous anos.
- b) Non, xa que Santiago non é delincente primario, sen prexuízo de que pode solicitar a substitución da pena por multa ou traballos en beneficio da comunidade se paga a responsabilidade civil pendente.
- c) Si, xa que o antecedente penal é por un delito que non é relevante para valorar a probabilidade de comisión de delitos futuros, sempre que asuma o compromiso de satisfacer a responsabilidade civil conforme a súa capacidade económica.
- d) Non, xa que non satisfizo a responsabilidade civil antes do ditado da sentenza.

18.- Maria Pau foi condenada como autora dun delito de roubo con forza nas cousas, en sentenza ditada de conformidade, sen que consten circunstancias modificativas da responsabilidade criminal, á pena de tres anos de prisión. Con anterioridade fora condenada noutras tres ocasións por delitos de roubo con forza nas cousas. Antes de iniciarse a execución da condena, Maria Pau infórmalle a vostede, o seu letrado, que cometeu os feitos por mor da súa dependencia a drogas tóxicas e achégalle documentación que acredita a súa drogodependencia actual e pasada, así como que nese momento está ingresada nun centro de Proxecto Home seguindo tratamento de deshabitación. Ten Maria Pau posibilidades de que se lle suspenda a execución da pena?:

- a) Si.
- b) Non, porque a pena imposta non o permite ao ser superior a dous anos de prisión.
- c) Non, porque é rea habitual, pois ten tres antecedentes penais por roubo.
- d) Non, porque a sentenza non contempla a circunstancia de drogadicción.

19.- A Fernando recoñéceselle, na sentenza en que é condenado por un delito de homicidio doloso, unha circunstancia eximente incompleta de anomalía psíquica, e impónselle unha pena de 5 anos de prisión, así como unha medida de seguridade privativa de liberdade, consistente no internamento en centro psiquiátrico por tempo que non exceda de dez anos. Fernando estivo preso preventivo durante un ano e medio. Logo de firme a sentenza, Fernando entra nun centro psiquiátrico do que sae aos 4 anos, cando o tribunal decide alzar a medida definitivamente. Que ocorre coa pena de prisión?:

- a) Fernando terá que cumprir só un ano de prisión, xa que se lle aboan os catro de internamento en centro psiquiátrico, pero non a prisión preventiva.
- b) Fernando terá que cumprir tres anos e medio de prisión, pois se lle aboa un ano e medio de prisión preventiva, pero non o internamento en centro psiquiátrico.
- c) Fernando ten pendente o cumprimento de tres anos e seis meses de prisión, pero o xuíz ou tribunal poden suspender o cumprimento da pena se se puxesen en perigo os efectos da medida de seguridade, ou aplicar unha medida de liberdade vixiada.
- d) Fernando non ten que cumprir a pena de prisión imposta, pois se lle aboan tanto a prisión preventiva como a medida de seguridade privativa de liberdade.

20.- Luis Carlos, administrador único da entidade “Forrajes Luis, SA”, presentou para o seu desconto na entidade bancaria Banco de Ourense, unha serie de recibos de supostos clientes da dita entidade, e as cantidades percibidas ingresáronse nas contas da mercantil e aplicáronse ao pagamento de débedas pendentes desta. Ao reclamar o seu pago Banco de Ourense, resultou que as persoas que figuraban como debedoras o rexeitaron, demostrando que non debían ningún diñeiro a “Forrajes Luis”. Ao reclamarlle a devolución dos importes á dita empresa, decatáronse os responsables de Banco de Ourense de que “Forrajes Luis, SA” estaba en situación de insolvencia desde había meses e sen actividade ningunha nin bens cos que facer fronte ás súas responsabilidades financeiras. Por tal motivo, os responsables de Banco de Ourense deciden interpoñer unha querrela contra Luis Carlos e Forrajes Luis, SA, por delito de estafa. Con todo, antes de presentar a querrela, Luis Carlos falece, sen que os empregados de “Forrajes Luis” estivesen implicados nos feitos. É posible presentar a querrela unicamente contra “Forrajes Luis”?:

- a) Si, porque a responsabilidade da persoa xurídica é independente da das persoas físicas que cometesen os feitos.
- b) Non, porque só pode esixirse responsabilidade penal da persoa xurídica cando se esixa á súa vez a da persoa física responsable dos feitos.
- c) Si, pero unicamente pola responsabilidade civil derivada do delito.
- d) Non, pois neste caso a persoa xurídica non pode ser responsable do delito de estafa e a responsabilidade civil non pode esixirse sen que haxa un responsable penal do feito.

21.- A Unidade de Delitos contra as Persoas da Policía Nacional está a investigar unha serie de delitos violentos e contra o patrimonio que nos últimos días tiveron lugar nunha localidade próxima a Madrid. O resultado do actuado posibilitoulles localizar un vehículo sospeitoso no cal, para proseguir coa investigación, poden colocar e utilizar un dispositivo ou medio técnico de seguimento e localización (baliza de seguimento). É necesario algún tipo de autorización xudicial?:

- a) Non se necesita autorización xudicial, previa ou posterior, sempre que existan fundados indicios da comisión de calquera tipo de delito.
- b) Non se necesita autorización xudicial, previa ou posterior, sempre que existan sospeitas da comisión dun delito moi grave.
- c) No caso de que concorran razóns de urxencia e para evitar a frustración da investigación policial non se necesitará autorización xudicial previa, pero si se necesitará ratificación xudicial posterior.
- d) Sempre se require autorización xudicial previa.

22. Juan acaba de ser clasificado inicialmente de grao no centro penitenciario no que está interno. Cada canto tempo se revisará esa clasificación inicial de grao?:

- a) Cada 6 meses como máximo.
- b) Cada 3 meses como máximo.
- c) Cada ano como máximo.
- d) Cada mes como máximo.

23.- A Policía Nacional dirixiu un oficio ao Xulgado de Instrución núm. 8 de Madrid no cal solicita autorización para poder interceptar as comunicacións telefónicas que Antonio manteña desde o seu número de usuario proporcionado por unha operadora de telefonía. En que caso pode o instrutor conceder autorización para a interceptación das comunicacións telefónicas, e de ser o caso, telemáticas?:

- a) Cando a investigación teña por obxecto calquera delito sobre o que existan indicios bastantes de criminalidade e da participación nel do investigado.
- b) Cando a investigación teña por obxecto calquera delito sobre o que existan indicios serios de criminalidade e concorra unha situación obxectiva de risco para terceiros.
- c) Cando a investigación teña por obxecto calquera delito doloso a condición de que estea castigado con pena con límite máximo de polo menos tres anos de prisión.
- d) Cando a investigación teña por obxecto calquera delito relacionado coa violencia de xénero e/ou doméstica.

24.- Maite presentou unha denuncia fronte a Mario en dependencias policiais por un presunto delito de maltrato de obra. O procedemento tramítase no xulgado como dilixencias urxentes e o Ministerio Fiscal formula e presenta o seu escrito de acusación fronte a Mario. O avogado de Maite, que exerce a acusación particular, non formula oralmente o seu escrito de acusación e solicita que se lle conceda prazo para facelo por escrito. Cal será o prazo que lle concederá o xulgado? Indique a resposta correcta:

- a) Mínimo de dous días.
- b) Máximo de dous días.
- c) Máximo de cinco días.
- d) De entre dous e cinco días.

25. Ao resolverse a solicitude de orde de protección presentada por M^a Ángeles adoptáronse todas as medidas de natureza penal e de natureza civil que solicitara o seu avogado. M^a Ángeles pregúntalle ao seu letrado se, a partir dese momento, é necesario realizar algún trámite adicional para que as medidas de natureza civil sigan vixentes. Indique a resposta correcta:

- a) Deberá presentar unha demanda só no caso de que queira que se modifique algunha das medidas civís xa adoptadas.
- b) Non ten que realizar ningún trámite adicional xa que as medidas civís permanecerán vixentes ata que finalice o procedemento penal no que se adoptaron.
- c) Ten que interpoñer unha demanda no prazo de 30 días ante o propio xulgado de violencia sobre a muller que acordou as medidas xa que, se non, perderán a súa vixencia.
- d) Ten que interpoñer unha demanda no prazo de 30 días ante o xulgado de primeira instancia do partido xudicial do domicilio de M^a Ángeles xa que, se non, perderán a súa vixencia.

Preguntas de reserva

1- Bogdan, de nacionalidade albanesa, non fala nin entende o idioma castelán. Hai un ano foi detido no aeroporto de Barajas por tratar de introducir unha maleta portando unha cantidade importante de substancias estupefacientes. Nese momento acordouse o seu ingreso en prisión provisional e entregóuselle, traducido ao idioma albanés, o auto no que así se acordaba. Estando pendente de celebrarse o acto do xuízo oral, sinalado para o mes que vén, que outro escrito traducido ao albanés se lle ten que entregar imperativamente?:

- a) O auto de transformación en procedemento abreviado.
- b) O informe médico forense.
- c) O escrito de acusación.
- d) O auto de incoación de dilixencias previas.

2. Eva denunciou en Comisaría o seu fillo Adrián, maior de idade, porque a maltrata habitualmente e solicitou a adopción dunha orde de protección. Ao día seguinte declarou no xulgado de instrución, ratificou a denuncia, e concedéronse as medidas cautelares solicitadas. O xuízo vaise celebrar un ano e medio despois e Eva, transcorrido tanto tempo, non quere declarar en contra do seu fillo. Eva pregunta ao seu avogado Juan que pode facer. Indique a resposta correcta:

- a) Pode acollerse á dispensa do artigo 416 da LACrim.
- b) Pode declarar e mentir para non prexudicar o seu fillo Adrián xa que a LACrim llo permite por ser a súa nai.
- c) Debe declarar porque xa o fixo en fase de instrución.
- d) Non pode acollerse á dispensa do artigo 416 da LACrim. porque as medidas cautelares adoptadas no seu día seguen vixentes.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

1.- Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser obxecto de recurso:

- a) Potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, a través do recurso extraordinario de revisión.
- b) Directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, a través do recurso extraordinario de revisión, tras o anuncio da súa interposición ante o superior xerárquico do órgano que os ditase.
- c) Preceptivamente en reposición ante o órgano superior xerárquico do que os ditase e, se for desestimado, ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, a través do procedemento que corresponda.
- d) A elección do recorrente, en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, a través do procedemento que corresponda.

2.- Os actos presuntos desestimatorios poderán ser recorridos en reposición:

- a) No prazo de quince días, a partir do día seguinte a aquel en que se teña por producido o acto presunto.
- b) No prazo dun mes, contado a partir do día seguinte en que se teña por producido o acto presunto.
- c) En calquera momento, a partir do día seguinte en que se teña por producido o acto presunto.
- d) No prazo dun mes, a partir do día de expedición do certificado acreditativo do silencio administrativo expedido polo órgano competente.

3.- Ademais da impugnación directa dun regulamento ilegal en vía contencioso-administrativa:

- a) É posible a impugnación directa en vía administrativa mediante o recurso de reposición.
- b) É posible a impugnación directa en vía administrativa mediante a previa declaración de lesividade do regulamento.
- c) É posible a impugnación do regulamento cando se impugne calquera acto de execución deste en vía contencioso-administrativa, fundada en que o regulamento é contrario a Dereito.
- d) É posible mediante a formulación da cuestión de ilegalidade directa ante o Tribunal Constitucional.

4.- Consonte o principio de inderrogabilidade singular das disposicións administrativas, tamén chamado *legem patere quam fecisti*:

- a) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- b) Ningunha disposición xeral administrativa pode vulnerar os preceptos dunha disposición xeral de rango superior.
- c) Ningunha disposición xeral administrativa poderá vulnerar os preceptos dun regulamento da Unión Europea.
- d) Ningunha disposición xeral administrativa poderá regular materias reservadas á lei ou á Unión Europea.

5.- Un acto administrativo favorable ao interesado que proviñese da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas poderá ser declarado lesivo para o interese público:

- a) Cando sexa anulable por infrinxir o ordenamento xurídico, mediante acordo que se adoptará polo órgano de cada Administración competente na materia antes de que transcorresen catro anos desde que se ditou.
- b) Cando así o aprecie a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza ao coñecer dun recurso.
- c) A declaración de lesividade adoptarase polo Consello de Estado ao emitir o seu preceptivo ditame.
- d) A declaración de lesividade adoptarase polo órgano competente de cada Administración Pública, sen sometemento a prazo cando sexa nulo de pleno dereito.

6.- Cando un acto administrativo incorre en "desviación de poder"?:

- a) Cando o seu contido é de imposible realización.
- b) Cando supón o exercicio de potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico.
- c) Cando foi ditado por órgano manifestamente incompetente ou prescindindo totalmente do procedemento establecido para ditalo.
- d) Cando lesione dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

7.- Cando prescribe o dereito para reclamar a responsabilidade patrimonial da Administración?

- a) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.
- b) Aos cinco anos de declarado polo órgano competente o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empezará a computarse desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.
- c) Ao ano de producirse o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo empezará a computarse desde a data en que se producise o dano.
- d) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo. En caso de danos de carácter material, o prazo empezará a computarse desde a avaliación dos danos producidos.

8.- Se a Administración cometer un erro aritmético nun acto administrativo que beneficiase o administrado, como podería rectificalo?:

- a) O prazo máximo para rectificar é de tres meses desde que se ditou o acto, de oficio ou por instancia do interesado.
- b) Para realizar a rectificación cómpre solicitar o consentimento do interesado afectado polo acto, dentro do prazo de catro anos desde que se ditou o acto.
- c) A rectificación pode realizarse por instancia dos interesados ou de oficio, en calquera momento.
- d) Para realizar a rectificación cómpre obter previamente un ditame favorable do Consello de Estado.

9.- Se a Administración pretendese revogar un acto desfavorable ou de gravame para o interesado:

- a) Pode facelo en calquera momento, sempre que non for contraria ao interese público, notificándollo ao interesado.
- b) Pode facelo en calquera momento mentres non transcorrese o prazo de prescrición, tras o ditame favorable do Consello de Estado.
- c) Pode facelo en calquera momento mentres non transcorrese o prazo de prescrición, sempre que non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis.
- d) Todas as anteriores son incorrectas.

10.- Que danos serán indemnizables en caso de responsabilidade patrimonial se a lesión é consecuencia da aplicación dunha norma con rango de lei declarada inconstitucional ou dunha norma declarada contraria ao dereito da Unión Europea?

- a) Os danos producidos no prazo dos cinco anos anteriores á data da publicación da sentenza que declara a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa.
- b) Os danos producidos no prazo dos catro anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea.
- c) Os danos producidos no prazo dos cinco anos anteriores á data na que se dite a sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei, ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea.
- d) Os danos producidos no prazo dos dez anos anteriores á data na que se dite a sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei, ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que prescribisen con anterioridade.

11.- As Administracións Públicas poderán iniciar de oficio un procedemento de responsabilidade patrimonial cando:

- a) O órgano que inicie o procedemento sexa de carácter territorial.
- b) Sexa formulada unha solicitude previa por un interesado.
- c) Fose declarado así nun ditame do Consello de Estado.
- d) Non prescribise o dereito á reclamación dos posibles interesados.

12.- Contra o acto administrativo expreso que non poña fin á vía administrativa o interesado poderá interpoñer o recurso de alzada:

- a) No prazo dun mes, e interpoñerase ante o órgano que deba fiscalizar o cumprimento da resolución recorrida.
- b) No prazo de quince días a partir do día en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo. Interpoñerase, necesariamente, ante o mesmo órgano que ditou o acto.
- c) No prazo dun mes, contado de data a data, a partir do día seguinte a aquel en que fose notificado. Interpoñerase ante o órgano que ditou o acto ou ante o competente para resolvelo.
- d) No prazo dun mes, contado a partir do día en que foi ditado. Interpoñerase ante o superior xerárquico do órgano que o ditou.

13.- Cando o recurso de alzada se interpuxo contra a desestimación presunta por silencio administrativo dunha reclamación patrimonial:

- a) A resolución do recurso deberá ser necesariamente estimatoria se non se ditou dentro do prazo de tres meses desde a súa interposición.
- b) A resolución do recurso deberá ser necesariamente estimatoria se non se notificou dentro do prazo de tres meses desde a súa interposición.
- c) A resolución do recurso poderá ser estimatoria ou desestimatoria calquera que sexa o momento en que se dite.
- d) A resolución do recurso entenderase sempre desestimatoria, aínda que se incorreu en silencio administrativo ao ditar aquela.

14.- Poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a actividade dunha Administración Pública:

- a) Calquera cidadán, en exercicio da acción popular, nos casos expresamente previstos pola lei.
- b) O Ministerio Fiscal para intervir nos procesos que determine a lei.
- c) Nos casos de acoso sexual ou acoso por razón de sexo, unicamente estará lexitimada a persoa acosada, e non os sindicatos e asociacións legalmente constituídas para a defensa da igualdade de trato entre mulleres e homes, respecto dos seus afiliados e asociados, respectivamente.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

15.- A representación nun proceso contencioso-administrativo deberá ser conferida:

- a) En todo caso a un procurador dos tribunais.
- b) A un procurador dos tribunais, salvo que o interesado prefira comparecer por si mesmo.
- c) A un avogado ou a un procurador dos tribunais, a elección do interesado, cando a demanda se interpoña ante un xulgado da dita xurisdición.
- d) A unha persoa física con capacidade de obrar ou a unha persoa xurídica, sempre que iso estea previsto nos seus estatutos.

16.- O escrito que inicia o recurso contencioso-administrativo debe ir acompañado dunha serie de documentos, entre os que están:

- a) O que acredite cumprir cos requisitos para poder iniciar accións as persoas xurídicas consonte as súas normas ou estatutos.
- b) O que acredite a representación do comparecente.
- c) A copia ou traslado da disposición ou do acto expreso obxecto de recurso, ou indicar o expediente en que recaese o acto ou ben o xornal oficial en que a dita disposición se publicase.
- d) Todos os anteriores son correctos.

17.- Poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo sen necesidade de recurso administrativo previo:

- a) Contra un acto administrativo firme e definitivo.
- b) Contra un acto administrativo de trámite, que cause indefensión.
- c) Contra un acto administrativo ditado por unha Administración Pública cando a recorrente sexa outra Administración Pública.
- d) Contra un acto administrativo que teña por destinatarios a unha pluralidade indeterminada de persoas.

18.- A contía dun recurso contencioso-administrativo virá determinada:

- a) Cando existan varios demandantes, polo valor económico da pretensión deducida por cada un deles, e non á suma de todos.
- b) Pola diferenza da contía entre o obxecto da reclamación e o do acto que motivou o recurso, se a Administración recoñece parcialmente, en vía administrativa, as pretensións do demandante.
- c) Cando o demandante solicite soamente a anulación do acto, atenderase ao contido económico do mesmo, para o que se terá en conta o débito principal, pero non as recargas, as custas nin calquera outra clase de responsabilidade, salvo que calquera destes fora de importe superior a aquel.
- d) Todas as respostas anteriores son certas.

19.- Se o xulgado ou tribunal non admitise un recurso contencioso-administrativo por falta de xurisdición ou de competencia:

- a) O demandante deberá presentar, en todo caso, unha nova demanda no órgano que estime competente.
- b) Se a inadmisión é por falta de xurisdición, o demandante ten o prazo dun mes para comparecer ante a orde xurisdicional que o auto de inadmisión sinalase como competente.
- c) Se a inadmisión é por falta de competencia, o demandante terá que interpoñer a súa demanda ante o órgano que o auto de inadmisión estimase competente.
- d) O auto de inadmisión non é recorrible, sen prexuízo de que o demandante poida presentar unha nova demanda.

20.- A extensión dos efectos dunha sentenza da xurisdición contencioso-administrativa poderá solicitarse:

- a) Cando a sentenza resolva un recurso en materia de dominio público ou urbanístico.
- b) Cando a sentenza resolva un recurso en materia tributaria ou de persoal ao servizo da Administración Pública.
- c) Cando a sentenza resolva un recurso en materia de expropiación forzosa ou propiedades especiais.
- d) Cando a sentenza resolva un recurso en materia de obras públicas do Estado e contratación administrativa.

21.- A execución das sentenzas ditadas polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa corresponderá:

- a) Ao xulgado ou tribunal que ditase a sentenza para executar.
- b) Ao xulgado ou tribunal que ditase a sentenza en primeira ou única instancia.
- c) Ao órgano da Administración que ditase o acto recorrido.
- d) Ao órgano da Administración que resolverse o recurso de alzada ou reposición previo ao recurso contencioso-administrativo.

22.- No caso de que a Administración fose condenada ao pagamento dunha cantidade líquida:

- a) Acordará o pagamento con cargo ao crédito orzamentario correspondente, se fose suficiente.
- b) Se o crédito non fose suficiente, deberá solicitar unha modificación orzamentaria que deberá estar concluída no prazo dun ano desde a notificación da sentenza.
- c) Acordará o pagamento con cargo ao crédito orzamentario correspondente, que terá carácter ampliable.
- d) Poderá negarse ao cumprimento da sentenza se o pagamento supuxese un trastorno grave á Facenda pública, poñéndoo en coñecemento do tribunal.

23.- Caberá o recurso de casación para a unificación de doutrina:

- a) Contra as sentenzas da Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza que resolvan recursos de apelación.
- b) Contra as sentenzas da Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza ditadas en primeira instancia.
- c) Contra as sentenzas da Audiencia Nacional, tribunais superiores de xustiza e Tribunal Supremo que resolvan cuestións de persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- d) Contra as sentenzas da Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza e Tribunal Supremo que resolvan cuestións similares con pronunciamentos diferentes.

24.- Poderán interpoñer o recurso de casación en interese da lei:

- a) Os sindicatos máis representativos que teñan interese lexítimo no asunto.
- b) O Ministerio Fiscal.
- c) As administracións públicas de carácter institucional que teñan interese lexítimo no asunto.
- d) As asociacións de usuarios e consumidores que teñan interese lexítimo no asunto.

25.- A condena en custas impoñeráse:

- a) En primeira e única instancia, á parte que vise rexeitadas todas as súas pretensións, en todo caso.
- b) En primeira e única instancia, á parte que vise rexeitadas todas as súas pretensións, salvo que o tribunal estime que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.
- c) En primeira e única instancia, ao Ministerio Fiscal cando vise rexeitadas todas as súas pretensións.
- d) En primeira e única instancia, á parte que sostivese a súa acción con evidente mala fe ou temeridade.

Preguntas de reserva

1.- As medidas cautelares nun procedemento contencioso-administrativo:

- a) Poderán solicitarse só na demanda por medio de outrosí.
- b) Poderán modificarse ou revogarse en razón ao avance que vaia facendo o proceso principal.
- c) Poderán denegarse cando as medidas poidan provocar unha perturbación grave dos intereses xerais ou de terceiro.
- d) Non poderá esixirse garantía ou caución a quen propón a medida cautelar, pero responderá dos danos e perdas que provoque.

2.- Admitido en ambos os efectos un recurso de apelación nun procedemento contencioso-administrativo:

- a) Non poderá pedirse a execución provisional da sentenza.
- b) Poderán solicitarse ou prorrogarse as medidas cautelares procedentes.
- c) O efecto devolutivo é un dos efectos implícitos no recurso de apelación.
- d) A Administración condenada na sentenza de instancia deberá devolver ou consignar as cantidades indebidamente cobradas.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1.- Carmen foi contratada pola empresa TRADER SA mediante un contrato de obra. Non obstante, á finalización do contrato a traballadora reclamou por despedimento, ao entender que o contrato fora subscrito en fraude de lei. Cal sería a consecuencia en caso de entender que, efectivamente, existiu fraude de lei na contratación?

- a) Presumirase que o contrato é por tempo indefinido ao ser un contrato temporal celebrado en fraude de lei.
- b) Presumirase que, ao ser de obra determinada, durará o que dure a obra ao celebrarse en fraude de lei.
- c) Presumirase que a duración, en calquera caso, será dun máximo de 3 anos ampliable en 12 meses por convenio sectorial ao celebrarse en fraude de lei.
- d) En calquera caso, a duración máxima será de 5 anos: Tres anos por duración máxima dos contratos temporais e dous máis como penalización por fraude de lei.

2.- Á finalización do seu contrato de obra, don Manuel pídelles información sobre se lle corresponde algún tipo de indemnización por fin do seu contrato temporal asinado o pasado ano 2018. Vostede, tras comprobar que non lle resulta de aplicación ningunha previsión específica ou convencional e que non é un contrato de interinidade, nin formativo, indícalle que, de acordo co Estatuto dos Traballadores, lle corresponde como indemnización por finalización de contrato temporal:

- a) Doce días de salario por ano de servizo.
- b) Vinte días de salario por ano de servizo.
- c) Trinta e tres días de salario por ano de servizo.
- d) Non lle corresponde indemnización ningunha.

3.- Rafael é un traballador fixo discontinuo que presta os seus servizos nunha xadería de Córdoba. Todos os anos é chamado cando empeza a tempada de verán, dependendo da meteoroloxía, e na orde e a forma que establece o convenio colectivo aplicable. Tivo coñecemento de que esta tempada a empresa chamou xa a todos os seus compañeiros, saltando o seu chamamento a pesar de que lle correspondía por quenda. Como debe actuar ante a falta de chamamento?

- a) Reclamar en procedemento de cantidades ante a xurisdición social, o prazo para iso iníciase desde o momento en que tivese coñecemento da falta de convocatoria.
- b) Reclamar ante a xurisdición penal, o prazo para iso iníciase desde o momento en que tivese coñecemento da falta de convocatoria.
- c) Reclamar en procedemento de despedimento ante a xurisdición social, o prazo para iso iníciase desde o momento en que tivese coñecemento da falta de convocatoria.
- d) Reclamar en procedemento de despedimento ante o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, o prazo para iso iníciase desde o momento en que tivese coñecemento da falta de convocatoria.

4.- Faustino, traballador da construción, vén percibindo un complemento laboral por perigosidade derivado do seu posto de traballo que realiza en altura. A empresa cambia o seu posto de traballo a outro no que non existe a dita situación perigosa, polo que deixa de aboarlle o complemento de perigosidade.

- a) A empresa non pode deixar de pagar o complemento de perigosidade por posto de traballo en ningunha circunstancia, porque ten carácter consolidable.
- b) A empresa pode deixar de pagar o complemento por perigosidade de posto de traballo ao non ter carácter consolidable, salvo acordo en contrario.
- c) O complemento de perigosidade por posto de traballo non é salario e por tanto pode deixar de pagarse en calquera momento.
- d) A empresa pode deixar de pagar o complemento sempre que se compense cun complemento de vinculación á empresa.

5.- A Xenia, que traballa nunha pastelería, débenlle o salario de dúas mensualidades desde hai 7 meses. Quere interpoñer reclamación de cantidade pola dita cantidade. De que prazo dispón para facer a reclamación xudicial?

- a) Neste caso, a acción de reclamación de cantidade prescribirá aos seis meses desde o día en que a acción puidese exercitarse.
- b) Neste caso, a acción de reclamación de cantidade prescribirá ao ano desde o día en que a acción puidese exercitarse.
- c) Neste caso, a acción de reclamación de cantidade prescribirá aos dous anos desde o día en que a acción puidese exercitarse.
- d) Non existe prazo ao tratarse de salarios.

6.- Tres traballadores da mesma empresa queren reclamar a esta o impago da paga extra de verán que a empresa non lles aboou no seu momento. Xorde a dúbida de se poden reclamar conxuntamente nunha mesma demanda ou deben facelo individualmente.

- a) Pódense acumular as accións que un ou varios actores teñan contra un ou varios demandados, sempre que entre esas accións exista un nexo por razón do título ou causa de pedir.
- b) Non é posible nunca a acumulación de accións que un ou varios actores teñan contra un ou varios demandados, aínda que entre esas accións exista un nexo por razón do título ou causa de pedir.
- c) Pódense instar as accións que un ou varios actores teñan contra un ou varios demandados, aínda que entre esas accións non exista un nexo por razón do título ou causa de pedir.
- d) As accións sempre deben reclamarse individualmente salvo que constitúan conflito colectivo.

7.- Ao seu cliente Borja chegoulle un embargo do banco por non atender as cotas do préstamo ao consumo que pediu o pasado nadal. Tendo en conta que Borja ten como retribución total polo seu traballo o salario mínimo interprofesional (SMI), que porcentaxe do mesmo lle poderán reter para cubrir o embargo?

- a) O 50% do SMI.
- b) Nada sobre os primeiros cincocentos euros e o 25% do resto.
- c) Nada, pois o SMI, na súa contía, é inembargable.
- d) O 10% do SMI.

8.- José ten un fillo de seis anos e decidiu dedicarlle máis tempo ao seu coidado e educación. Vai ao seu despacho de avogadas e pregúntalle, dado que non hai previsión no seu convenio colectivo sobre esta materia, que establece o Estatuto dos Traballadores con relación á redución de xornada por garda legal dun menor:

- a) A lei establece que quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de doce anos terá dereito a unha redución da xornada de traballo diaria, sen diminución proporcional do salario entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.
- b) A lei establece que quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de doce anos terá dereito a unha redución da xornada de traballo diaria, coa diminución proporcional do salario entre, polo menos, un décimo e un máximo dun cuarto da duración daquela.
- c) A lei establece que quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de quince anos terá dereito a unha redución da xornada de traballo diaria, coa diminución proporcional do salario entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.
- d) A lei establece que quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de doce anos terá dereito a unha redución da xornada de traballo diaria, coa diminución proporcional do salario entre, polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.

9.- Á súa clienta cambiáronlle as funcións tras 15 anos exercendo como directora dun pequeno hotel. A pasada semana ordenáronlle que ocupe o posto de recepcionista, sen comunicación escrita ningunha. Solicitada a resolución contractual por incumprimento empresarial no xulgado do social, a maxistrada declarou que a conduta da empresa supón unha modificación substancial das condicións de traballo levada a cabo sen respectar o previsto no art. 41 do Estatuto, e declara que a modificación ademais menoscaba a dignidade da traballadora. A que indemnización terá dereito a súa clienta?

- a) A unha indemnización de 20 días por ano de servizo e cun máximo de nove meses.
- b) A unha indemnización de 20 días por ano de servizo e cun máximo de doce meses.
- c) Á indemnización sinalada para o despedimento improcedente.
- d) Poderá extinguir o seu contrato, pero non terá dereito a ningunha indemnización.

10.- Na provincia de Teruel alcanzouse un acordo entre as centrais sindicais máis representativas e as asociacións patronais para aprobar o convenio colectivo provincial da limpeza de edificios e locais. O convenio terá carácter estatutario dado a ampla representatividade dos asinantes. A partir da entrada en vigor do texto, deberá aplicarse a:

- a) Soamente aos traballadores afiliados aos sindicatos asinantes.
- b) Soamente aos traballadores que non manifesten expresamente o seu descolgue do acordo.
- c) Automaticamente a todos os traballadores do sector na provincia de Teruel.
- d) Automaticamente a todos os traballadores do sector da Comunidade Autónoma.

11.- A súa cliente, propietaria e xerente de Canteras Piedrafría, SA, convenceuse da pertinencia de ter un interlocutor formal na parte social. Traslada a súa opinión a algúns operarios e estes deciden poñerse en contacto cun sindicato máis representativo para promover eleccións. Tendo en conta que no único centro de traballo da empresa prestan servizos un total de 125 traballadores/as, e que non hai previsión convencional ningunha que modifique o disposto na materia polo Estatuto dos Traballadores, o órgano de representación unitaria dos traballadores será:

- a) 3 delegados de persoal.
- b) Un comité de empresa de 9 membros.
- c) 1 delegado de persoal.
- d) Un comité intercentros.

12.- Finalizada a ardua e prolongada negociación colectiva, o comité e a empresa alcanzan un acordo. Como convenio estatutario deben formalizalo:

- a) Por escrito ou non, á súa elección.
- b) Por escrito, baixo sanción de nulidade.
- c) Non fai falta que o formalicen.
- d) Os convenios colectivos estatutarios non se formalizan.

13.- Tras unha discusión co seu xefe, o noso cliente é despedido. Recoñecendo que o seu comportamento non foi do todo correcto, o despedimento parécelle unha sanción demasiado dura, polo que vostede lle indica que ten que decidir se interpón a acción por despedimento:

- a) Antes do transcurso dos vinte días seguintes daquel en que se producise. Os días serán hábiles.
- b) Antes do transcurso dun ano desde o despedimento.
- c) Unha vez transcorrido o prazo de vinte días seguintes daquel en que se producise. Os días serán hábiles.
- d) Antes do transcurso dos vinte días seguintes daquel en que se producise. Os días serán naturais.

14.- Tivo éxito coa súa demanda por despedimento e foi declarada a improcedencia. A sentenza sinala que lle corresponde á empresa a opción entre a readmisión da traballadora ou o aboamento da indemnización. Transcorrido o prazo de 5 días para iso, non ten noticias e comproba no xulgado que a empresa non realizou opción ningunha. Isto supón que:

- a) Se require á empresa para que presente opción antes de 48 horas.
- b) Se amplía o prazo por outros 5 días.
- c) Se entende que procede a readmisión.
- d) Se entende que procede a indemnización.

15.- O xulgado do social declarou que o despedimento da súa cliente, Xoela, é improcedente e concedeulle ao empresario o dereito á opción entre indemnizar ou readmitir. Non é unha vitoria completa posto que vostede solicitaba a nulidade polo que decide recorrer en suplicación. Mentres se resolve o recurso, e optando a empresa pola readmisión:

- a) A traballadora percibirá as retribucións que viña cobrando habitualmente e prestando servizos, salvo que a empresa prefira facer o pagamento de retribucións sen ningunha compensación.
- b) A traballadora continuará prestando servizos, salvo que a empresa prefira facer o pagamento do 75% das retribucións sen ningunha compensación.
- c) A traballadora non terá que prestar servizos en ningunha circunstancia pero seguirá percibindo a mesma retribución.
- d) A traballadora continuará prestando servizos pero non percibirá ningunha retribución.

16.- Por fin saíu a sentenza estimatoria da reclamación de salarios que presentou vostede hai xa 9 meses. A empresa recorreu contra todos os pronunciamentos condenatorios. O TSX podería tardar máis dun ano e o seu cliente preguntalle se podería ir cobrando algo antes de que resolva o tribunal. A súa resposta é:

- a) Non cabe anticipo ningún ata que a sentenza do TSX sexa firme.
- b) Ten dereito a percibir xa a totalidade da condena.
- c) Pode solicitar un anticipo a conta da sentenza obxecto de recurso ata un máximo do 75% do importe da cantidade recoñecida en sentenza.
- d) Pode solicitar un anticipo a conta da sentenza obxecto de recurso ata un máximo do 50% do importe da cantidade recoñecida en sentenza.

17.- Na súa in mellorable sorte volveu a gañar o xuízo por despedimento improcedente de don Félix. Aínda que a empresa opta pola readmisión, posteriormente non permite a don Félix a súa incorporación ao traballo, polo que vostede insta o incidente de non readmisión. O día sinalado para a vista do incidente vostede despíxase e non acode ao acto. Tampouco o fai o seu cliente e só comparece a empresa. Que consecuencias ten a incomparecencia da parte executante?

- a) Celébrase o acto sen a súa presenza.
- b) Suspéndese o acto e vólvese a citar.
- c) Teráselle por desistido da súa solicitude.
- d) Pedirase á empresa que decida.

18.- A dona Rafaela, directora da oficina bancaria da vila, entregáronlle unha carta de despedimento obxectivo. O banco pecha a oficina e tanto dona Rafaela como os outros dous empregados quedan sen traballo. A súa clienta pídelle que acelere o proceso ao máximo, malia que a extinción da relación laboral se producirá dentro de 15 días tras o período de preaviso. Que lle indica vostede?

- a) Que hai que esperar necesariamente a que gañe efecto a extinción da relación laboral para poder interpoñer a acción por despedimento.
- b) Que poderá interpoñer a acción por despedimento inmediatamente sen esperar á finalización do período de preaviso.
- c) Que non pode interpoñer a acción por despedimento xa que a oficina pechou.
- d) Que fronte ao despedimento obxectivo só cabe a acción de reclamación de cantidade e nunca a de despedimento.

19.- Xenevra é unha enxeñeira en telecomunicacións que ten que demandar a súa empresa, NETSA, por impago da paga extra de nadal. Ela traballa desde casa pero tamén acode aos centros de traballo que a empresa ten por toda España. En que xulgado do social deberá vostede presentar a demanda de cantidades da súa clienta?

- a) Obrigatoriamente e exclusivamente no correspondente ao domicilio da empresa demandada.
- b) Obrigatoriamente na capital de España.
- c) Poderá elixir entre aquel deles en que teña o seu domicilio a traballadora, o do contrato, se estando nel o demandado puidese ser citado, ou o do domicilio do demandado.
- d) A empresa é a que poderá elixir o xulgado competente para a interposición da demanda.

20.- Amparo está embarazada de 6 meses. É despedida por despedimento disciplinario por baixo rendemento. Impugna o despedimento solicitando a súa nulidade. Cales son as posibles cualificacións xudiciais do despedimento:

- a) Procedente, improcedente ou nulo.
- b) Improcedente ou nulo.
- c) Só nulo
- d) Procedente ou nulo.

21.- Ignacio e Juan foron despedidos por unha pelexa na oficina onde traballan da empresa SANTABAO SA, tras impugnar o despedimento e xa no acto de xuízo oral:

- a) Ratificada, no seu caso, a demanda, tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións, corresponderá á empresa demandada expoñer as súas posicións en primeiro lugar.
- b) Ratificada, no seu caso, a demanda, tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións, corresponderá á empresa demandada expoñer as súas posicións en segundo lugar.
- c) Ratificada, no seu caso, a demanda, tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións, será o maxistrado quen decidirá a que parte lle corresponderá expoñer as súas posicións en primeiro lugar.
- d) Ratificada, no seu caso, a demanda, tanto na fase de alegacións como na práctica da proba, e na fase de conclusións, dependerá de se a empresa demandada contestou ou non a demanda oralmente para que expoña as súas posicións antes ou despois do demandante.

22.- Unha empresa de embutidos con sede en Málaga, pero con centros de traballo en toda España, procede ao despedimento colectivo da metade do seu persoal. Concretamente, afecta aos centros de Málaga, Bilbao e Barcelona. Ante que órgano xudicial debería presentar a demanda o comité de empresa que quere impugnalos:

- a) Na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza en Andalucía.
- b) Ante os xulgados do Social de Málaga.
- c) Na Sala do Social da Audiencia Nacional.
- d) O Comité de Empresa, dado que se trata dun despedimento colectivo, pode presentar a demanda ante o Xulgado Social de Málaga ou ben ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, indistintamente.

23.- Un traballador interpón demanda pola que impugna o cambio do seu horario de traballo mediante o procedemento especial de modificación substancial. Unha vez celebrado o acto de xuízo dítase sentenza pola que se desestima a demanda do traballador e se valida a medida ao entender que é xustificada. O traballador quere recorrer contra ela por non estar de acordo. Contra a devandita sentenza:

- a) Cabe recurso de apelación.
- b) Cabe recurso de reposición.
- c) Cabe recurso de suplicación.
- d) Non cabe recurso.

24. Un traballador consúltanos que tivo un accidente de coche ao ir ao seu traballo e que o médico lle deu unha baixa por enfermidade común, e quere saber se isto é correcto.

- a) Non é correcto, debido a que, ao ter lugar o accidente de tráfico ao ir traballar, se trata dun suposto de baixa por accidente de traballo.
- b) É correcto, porque aínda non empezara a traballar.
- c) Só é accidente de traballo se ocorre a menos de 10 quilómetros do centro de traballo.
- d) Só será accidente de traballo se entrou xa no centro de traballo, malia que aínda non comezase a traballar.

25.- Á súa cliente, dona Vitoria, o INSS deulle a alta médica ao esgotárense os 365 días de incapacidade temporal. Que prazo ten para mostrar a súa desconformidade en vía administrativa?

- a) No prazo máximo de 4 días naturais seguintes á notificación da resolución.
- b) No prazo máximo de 30 días naturais seguintes á notificación da resolución.
- c) No prazo máximo de 30 días hábiles seguintes á notificación da resolución.
- d) No prazo máximo de 20 días hábiles seguintes á notificación da resolución.

Preguntas de reserva

1.- Preséntaselle no seu despacho don Joaquín, quen leva 30 anos traballando en canteiras e sofre diversas limitacións funcionais. Tras os informes médicos oportunos determínase que non poderá seguir traballando na súa profesión habitual pero si noutras. A que grao de incapacidade permanente correspondería ese ditame médico?:

- a) Invalidez permanente parcial.
- b) Invalidez permanente total.
- c) Invalidez permanente absoluta.
- d) Invalidez permanente gran invalidez.

2.- Como asesor xurídico da mercantil COMESANO.GAL ten coñecemento de que o Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) abouilles aos traballadores da devandita empresa as dúas últimas mensualidades impagadas, tras unha sentenza que recoñecía o seu dereito para percibir as ditas contías e o correspondente auto de insolvencia de COMESANO.GAL. Que supón isto para a súa empresa cliente?

- a) Que reduciu as súas débedas nos importes pagos polo Fogasa.
- b) Que o Fogasa ten dereito á subrogación na posición dos traballadores polos importes que pagou.
- c) Que o Fogasa lle condonará o 50% da débeda.
- d) Que tanto os traballadores como o Fogasa teñen dereito a cobrarlle o importe desas mensualidades.